

INTRODUCCIÓN

Finalizamos o segundo ano como novo equipo directivo do colexio e polo tanto queremos facer mención nesta memoria das valoracións ao respecto.

Tal e como figuraba na introducción da PXA quixemos manter a mesma traxectoria pedagóxica iniciada en cursos anteriores, resaltando o papel que xogaron as Tecnoloxías da Información e a Comunicación como elemento dinamizador dos proxectos levados a cabo no centro:

- PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares).
- Proxecto de Potenciación da Lingua Galega en 4º, 5º e 6º cursos de Educación Infantil.
- Grupo de traballo sobre integración curricular das TICs.
- Seminario permanente sobre a revista en-liña.
- Proxecto do “Observatorio da Convivencia”.

A aplicación da nova xornada laboral de 23 sesións semanais desenvolveuse axeitadamente aplicando criterios de reparto e proporcionalidade no horario do profesorado do centro.

Así mesmo, a redacción dos novos plans (lingüístico, TIC, convivencia, lector...) implicaron un maior esforzo por tódolos participantes para chegar á confección de documentos consensuados e adaptados ás características do noso centro escolar, establecendo os marcos de referencia futuros para a concreción anual nas programacións xerais de cada curso escolar.

Manifestamos a nosa satisfacción polo incremento doutra unidade no proxecto de potenciación da lingua galega acadando as 3 unidades na 2ª etapa de educación infantil.

Consideramos moi importante a elaboración polo claustro das diferentes programacións de ciclo en educación primaria no 1º e 2º ciclos como pasos previos á adaptación do currículo de educación primaria.

E por último manifestamos o noso malestar polas promesas incumplidas na execución das obras de infraestrutura comprometidas ou iniciadas en cursos anteriores, tanto polo Concello da Coruña como pola Delegación Provincial de Educación e O. U.

OBXECTIVOS XERAIS

1.- Dada a importancia das formas de cortesía para a boa convivencia continuamos tentando que o alumnado as empregue na súa vida cotiá.

2.- No referente ao segundo obxectivo, consideramos que mellorouse no referente ás relacións interpersoais entre o alumnado e o resto de adultos do seu contorno escolar, pero debe continuarse xa que detectáronse algunhas conductas contrarias ás normas de convivencia que deben ter un seguimento exhaustivo no vindeiro curso escolar 2009-2010.

3.- O terceiro obxectivo, de sensibilizar ó alumnado no coidado do seu entorno mellorando a limpeza das zonas comúns consideramos que debe traballarse mediante un proxecto integral no vindeiro curso escolar

4.- Con respecto ao cuarto obxectivo non se fixo unha campaña específica de sensibilización sobre alimentos saudables, pero sí lles foron recomendados aos pais/nais nas distintas reunións de principio de curso.

5.- O incremento na utilización das TICs en tódolos eidos da vida do centro pode considerarse como unha mostra da importancia que se lle está a dar a estas novas ferramentas de comunicación e de información.

6.- Continuouse co fomento na utilización da lingua galega na vida escolar, a tódolos niveis, potenciando a presenza da cultura galega en diversas manifestacións artísticas nas celebracións de costume.

7.- Co traballo desenvolvido na etapa de educación infantil achegouse a visión doutras realidades culturais ó noso alumnado e tamén coa donación da recadación do Rastrillo da Solidadriedade a ONG “Ecos de Sur” continuouse coa colaboración cos máis desfavorecidos.

8.- Ao longo deste curso, o Proxecto de Mellora de Bibliotecas Escolares fixo que a biblioteca escolar fose vista como unha auténtica mediateca, onde os libros e a imaxe dixital conviviron dun xeito armónico.

EDUCACIÓN INFANTIL

No Curso 08/09 non houbo ningunha incidencia notoria, cabe destacar as obras levadas a cabo no patio de xogos en horario escolar, polo que tivemos cerca de dous meses un espazo restrinxido.

Continuamos cos proxectos diversos e engadimos algúns novos:

- Sesión diaria de lectura.
- No primeiro trimestre expuxéronse os libros que se mercaron, con novidades en galego, castelán e inglés.
- Un curso máis solicitouse a colaboración das familias para que regalasen un conto no Nadal para o incremento das bibliotecas de aula.
- No segundo trimestre fixéronse visitas á biblioteca “Sagrada Familia”.
- Con motivo do “Ano Internacional Da Astronomía”, e secundando unha proposta da Comisión da Biblioteca, todos os cursos fixeron distintas actividades (exposición de libros, mural representativo co sistema solar, móbiles, lectura de contos, o zodíaco, recitación de poesías...).
- Na semana das letras galegas fixéronse traballos ao redor da figura de Ramón Piñeiro e actuacións de todas as clases cantando, recitando ou dramatizando.
- Incrementáronse moito os fondos bibliográficos coa compra de libros e material audiovisual. Este ano o espazo da biblioteca de infantil houbo que compartilo coa aula de audición e linguaxe, e dado o incremento de alumnado con N.E.A.E. é bastante dificultosa a súa utilización.

Este ano continuouse coa programación de actividades TICs grazas á disposición de conexión a **internet** en todas as aulas, e de profesorado de apoio, o que permitiu dividir o alumnado en grupos. Cada vez máis é un recurso que se xeneraliza para as distintas actividades a realizar. Ademais o profesorado de apoio utilizou en gran medida a **pizarra dixital**, e todo o alumnado dispoñía dunhas sesións semanais para o seu uso.

O profesorado de E.Infantil participou de xeito continuado e ao longo de todo o curso na revista *online* do cole. Tamén contamos coa existencia de dous *Blogs*

elaborados pola profesora de apoio en 3 anos (María Rdez.) e pola profesora de educación musical (Laura Pazos) cunha chea de recursos e actividades.

Como outros anos fixéronse as saídas escolares organizadas polo Concello: teatro, concertos no Palacio da Ópera, rutas urbanas, Parque de Bombeiros, educación ambiental na Lagoa de Eirís, visita aos Museos Científicos, Bonilla, e o tren da lingua.

Fixéronse tamén actividades colectivas como:

- Magosto (con música tradicional en vivo).
- Nadal (representacións e actuacións varias).
- Día da Paz (Danza colectiva gravada e visionada na revista *en-liña*).
- Entroido (desfile de disfraces e festa gastronómica).
- Festival das Letras Galegas (con participación de todas as aulas).
- Festa de graduación. O alumnado de 5 anos realizou, en presenza dos seus familiares, pequenas actuacións e fíxose entrega da orla da promoción. Compre destacar o nivel da actuación do alumnado e a gran implicación das familias e do profesorado do centro.
- Día 22 de xuño, festa de fin de Curso organizada pola ANPA.

DIFICULTADES:

- Masificación do alumnado.O edificio quédase pequeno.
- Deficiente acceso ás aulas (varios tramos de escaleira).
- Falta de máis baños.
- Non hai espazos para impartir algunhas materias.
- Espazo inadecuado para actividades motrices e musicais (o patio cuberto non reúne condicións, mala acústica, interrupción continua da clase...).
- Non existe saída de emerxencia.
- A dificultade de realizar determinadas saídas didácticas ante a falta de persoal para acompañar a cada grupo.

- **CARA O VINDEIRO ANO**

- Dado o incremento de alumnado con N.E.A.E. vemos necesario tamén un incremento de profesorado especialista en A.L. e P.T.
- Posibilidade de armarios para gardar o material de psicomotricidade, pois non hai un sitio adecuado para elo.
- Posibilidade dun sistema automático de apertura de porta.
- Necesidade de Conserxe.
- Adquisición de fotocopiadora nova (a existente está en bastante mal uso).
- Sería convinte que as “xornadas de portas abertas” para o alumnado novo de 3 anos se faga en conxunto con todos os pais, facer unha presentación visual cos nenos interactuando nas aulas e amosar os espazos do colexio (suxerencia na reunión de pais).
- Organización polo Ciclo dos horarios de apoio atendendo ás N.E.A.E. como prioridade.
- Necesidade de máis reunións de Ciclo, sobre todo en datas sinaladas.
- Sesións de avaliación co profesorado LOGSE, P.T. e A.L.
- Sempre que fora posible, solicitar informe as garderías para anticiparnos ao posible alumnado con problemas.

PRIMEIRO CICLO DE PRIMARIA

O remate deste primeiro ciclo desexamos salientar os seguintes puntos:

-Incidíuse especialmente na necesidade de mante-la atención por parte dos alumnos, indispensable para o desenvolvemento das actividades escolares, considerando que é necesario seguir a traballar neste punto.

-En termos xerais, estimamos que se acadou o obxectivo de adquisición da técnica lecto-escritora e de cálculo e razoamento lóxico- matemático.

-Traballouse de xeito continuado para desenvolver hábitos de respecto e mellora do contorno máis inmediato, aínda que vemos necesario que se debe seguir impulsando este punto no vindeiro curso.

-Ao longo do curso concedémoslle notable significación ao obxectivo de desenvolver hábitos de cortesía no trato, pero cremos que para a súa adquisición ou interiorización, é imprescindible a colaboración coas familias, e isto non é posible en tódolos casos.

-Participouse no Plan de Fomento da Lectura que levou a cabo o colexio mediante o Plan de Lectura Silenciosa Sostenida. Estimamos que, en xeral, os resultados son satisfactorios.

-Participouse tamén en actividades levadas a cabo ao longo do curso:

Magosto, Entroido, Nadal, Letras Galegas, Teatro....

- Favoreceuse a integración e a atención á diversidade de todo o alumnado co fin de desenvolver neles os valores e actitudes axeitadas de convivencia e humanidade.

SEGUNDO CICLO DE PRIMARIA

Durante este curso se traballaron os obxectivos do Ciclo que aparecen na Programación Xeral do Centro. Valoramos positivamente os resultados acadados e pensamos que son obxectivos que deben seguir vixentes nos próximos cursos.

- Seguíuse co proxecto de lectura. Os alumnos foron progresando nas súas habilidades lectoras e no gusto pola lectura.

- Traballouse cos nenos para que foran incorporando o galego a súa fala cotiá. En xeral teñen moitas dificultades para expresarse en galego e o castelán segue a ser a súa lingua vehicular. En colaboración co Equipo de Normalización Lingüística leváronse a cabo diversas actividades: completar poesías, ilustralas, facer marcapáxinas...

- Fixéronse traballos de investigación utilizando Internet, os libros de texto, libros de biblioteca e libros que os propios nenos traían das súas casas.

- Dado o déficit de atención que moitos alumnos do Ciclo presentan, fixéronse actividades específicas encamiñadas a correxir este déficit. Cada nivel conta cun fondo de fichas de atención.

- Participouse na plantación e coidado do labirinto e da horta escolar. Os alumnos mostraron moito interese pola actividade. Os alumnos do 4º nivel plantaron leitugas e cada un levou unha para a súa casa.

- Traballouse nas titorías o respecto polas instalacións do colexio e o entorno. É un tema no que hai que insistir.

- As relacións interpersonais entre os alumnos foi un tema a tratar día a día, á volta do recreo. A proposta do Equipo de Convivencia se fixo unha enquisa aos alumnos do Ciclo de cara a estudar como facer do recreo un momento máis lúdico para todos.

- Impulsouse desde as titorías a utilización, por parte dos alumnos, da biblioteca tanto no que se refire a préstamo de libros como á utilización dos ordenadores durante o recreo.

- Elaborouse a programación de Ciclo de acordo coas directrices da nova Ley de Educación (LOE).

TERCEIRO CICLO DE PRIMARIA

Os obxectivos propostos a principio de curso conseguíronse nun grao satisfactorio na maioría dos alumnos e alumnas do 3º ciclo.

En canto aos aspectos curriculares, o alumnado acada, en xeral, o nivel esixido, se ben nalgúns alumnos e alumnas non se conseguiu aínda a corrección sintáctica e ortográfica, nin fluidez no cálculo mental.

Con respecto aos hábitos e técnicas de estudo, os obxectivos acádanse nun grao axeitado. As dificultades máis grandes mostráronnas nas estratexias para a resolución de problemas. Este curso introducimos explicitamente a valoración do esforzo para a consolidación das aprendizaxes e, nun primeiro momento, non foi doado de lograr.

En canto a hábitos e actitudes que potencien un clima de atención, estudo e aprendizaxe, a consecución dos obxectivos é realmente difícil e non sempre se consolidan as aprendizaxes ou os hábitos que parecían modificados. Isto esténdese tamén ao coidado, responsabilidade e limpeza dos obxectos e espazos

comúns. Cremos que este é un aspecto importante no que se deberían unificar criterios en todos os cursos de Primaria.

Neste ciclo apreciamos certos desaxustes na aplicación dos criterios de avaliación ao longo da Educación Primaria, polo que consideramos que a CCP debería retomar o tema para revisar estes criterios, buscando unha maior coordinación entre ciclos.

Valoramos positivamente a participación no programa de radio “A radio en ruta”, polo que ten de traballo participativo e cooperativo de todo o alumnado de 6º curso.

NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A baixa laboral da coordinadora condicionou en parte o funcionamento normal do Equipo.

Durante este curso se realizaron as seguintes actividades:

- Fíxose entrega e expuxéronse nas aulas os carteis realizados no curso anterior que baixo o título “Galeguizando o colexio”, pretenden fomentar en galego o vocabulario da vida cotiá das aulas: interiores, exteriores e persoas.
- Realizáronse fotografías para a confección de máis carteis sobre accións, música e educación física. Este traballo está pendente da súa impresión.
- Púxose a disposición do profesorado para a realización de actividades na aula, material axeitado sobre as festas tradicionais (Nadal, Magosto, Entroido) e do autor homenaxeado este ano: Ramón Piñeiro.
- Organizouse o Festial das Letras Galegas en torno a figura de Ramón Piñeiro. O festivasl consistiu en tres sesións, unha para infantil, outra para 1º, 2º e 3º de primaria e outra para 4º, 5º e 6º, na que se realizaron : lectura de poemas, cancións, exposición da vida e obra do escritor e obra de teatro.
- Representouse a obra de teatro “Mamasiña que medo” de Chus Pereiro co grupo de nenos do ano anterior ao que se sumaron alumnos de 4º: ata 32 nenos participaron na representación.

- Aprobouse o Proxecto Lingüístico do centro por parte do Claustro de Profesores (16-02-09) e do Consello Escolar (23-03-09).
- Fíxose unha recollida de xogos tradicionais galegos entre os pais dos alumnos.
- Premiouse a alumnos que leron máis libros da biblioteca en galego. Entregouelles un agasallo aos máximos lectores de cada ciclo.
- Nas xuntanzas do Equipo fíxose seguimento das aulas de Potenciación da Lingua Galega en Educación Infantil.

Este Equipo considera que hai moitas actividades no centro que foron realizadas por persoas ou colectivos que non forman parte do ENDL e que favorecen o uso e potenciación da lingua e cultura galega. Podemos mencionar:

- Representación da obra de títeres “Típicos tópicos” pola compañía Cachirulo Teatro para alumnos de 3º e 4º. Día 12 de maio.
- Representación da obra de títeres “O moucho remexe nos libros de Rosalía” para alumnos de Educación Infantil de 5 anos e pdo primeiro ciclo de Primaria. Día 14 de maio. Colectivo de profesores.
- Elaboración de marcapáxinas ilustrados e con frases célebres de autores galegos e poemas sinxelos en galego.
- Festival de Nadal e festa do Magosto.
- Video-clip “Estomballada”.

Queda pendente de rematar a impresión de carteis do proxecto “Galeguizando o colexio” que serán distribuídos polas aulas o próximo curso.

Para o curso que ven sería importante que se fixera a recuperación por parte do centro de xogos tradicionais, tomando como partida a aportación dos pais.

COMISIÓN DE COORDINACIÓN PEDAGÓXICA

- No CEIP Emilia Pardo Bazán de A Coruña, no curso 2008- 09, a CCP reuniuse un total de oito veces para tratar diferentes aspectos.

Os principais puntos tratados neste curso foron:

- A composición da CCP e das diferentes comisións e equipos (normalización, EACE, TIC, convivencia...)
- Obxectivos propostos para a PXA.
- Decisión de datas importantes: avaliacións, festividades e celebracións, rastrillo, Día da Paz, excursión, programacións...
- Opinións sobre os diferentes proxectos propostos: lingüístico, lector, TIC, convivencia...
- Diferentes problemáticas surxidas e posibles solucións: peche do patio e pequenos arranxos, carencias no comedor, as obras do patio, o que se fai en alternativa á relixión...
- Acordar certos criterios de promoción e posibles agrupamentos...
- Comentarios e resultados de moitas das probas pasadas no colexio: nutrición, alumnado talentoso, enquisa de convivencia...

Ademais de todos estes puntos, na CCP, o mesmo que nos claustros, informouse da saída de novas Ordes e Decretos, así como a posta en común das decisións e suxerencias saídas das reunións de ciclo, co fin de que exista unha boa comunicación e coherencia interciclo.

A consecución dos obxectivos propostos para a PXA nesta comisión acadáronse plenamente, agás a adaptación do currículo de E.P., que está en trámites e queda pendente para máis adiante.

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos na programación xeral anual:

Partindo de que a proposta de traballo deste departamento é un proxecto a desenvolver a medio e longo prazo, pásase a reseñar o que se fixo durante este curso:

1ª O labor de asesoramento e orientación ao alumnado, ao profesorado e ás familias, realizouse a través das demandas recibidas no departamento (en total, 37).

En Educación infantil:

Demandas solicitadas: 11

Do profesorado: 8

Das familias: 3

Motivos de consulta:

Dificultades de adaptación ás normas de convivencia no colexio e/ou no fogar: 2

Dificultades de aprendizaxe: 4

Orientacións ás familias sobre temas puntuais: 4

De alta capacidade: 1

En Educación Primaria:

Demandas solicitadas: 26

Do profesorado: 14

Das familias: 12

Motivos de consulta:

Dificultades de adaptación ás normas de convivencia, no colexio e/ou no fogar: 2

Dificultades socio-familiares: 4

Dificultades de aprendizaxe: 3

Indicios de alta capacidade: 5

Orientación ás familias sobre temas puntuais: 12

O proceso que se segue diante de cada demanda ao departamento, queda rexistrada na Ficha de derivación a orientación, con rexistro de secretaría.

A intervención dende orientación, realízase sempre, en coordinación co profesor titor/a, así como o profesorado especialista do departamento.

Valoración:

Aumentan as demandas en relación a alumnado con indicios de alta capacidade intelectual.

O alumnado que foi flexibilizado este curso, en xeral, estivo moi ledo, tanto a nivel de currículo como de integración entre os compañeiros.

2º. En relación ao apoio aos procesos de ensino-aprendizaxe a través da colaboración co profesorado, realizáronse as seguintes actuacións:

Ao longo do curso o Xefe de estudos e a profesora de AL, dende o observatorio de convivencia, estiveron a facer unha análise da convivencia no centro e o presentaron ao profesorado e os participantes do observatorio.

O departamento fixo un documento sobre o Plan de Convivencia para debatilo e consensualo nos ciclos.

Ao remate de curso, o director e o departamento, elaborou dous informes co fin de argumentar a necesidade de dispor de máis profesorado especialista en orientación, xa que hai moitas necesidades que atender.

Xuntanzas co departamento de orientación do IES Salvador de Madariaga, ao longo do curso mantivemos o contacto e a coordinación, co noso centro adscrito.

Coordinación e/ou contactos periódicos con servizos externos:

- Equipo de Orientación da Consellería de Educación, a quen pedimos cinco dictámenes de escolarización para cinco alumnos.

- Servizos Sociais do barrio. Ao comezo deste curso, nos informaron que ían inaugurar un novo centro cívico no parque de Rosales e que ao noso centro lle correspondería o novo centro.

Tamén conectamos con Menores, centro de saúde Mental Materno infantil, gabinetes privados,... que prestan unha atención socio-educativa e sanitaria a algúns dos nosos alumno/as co o obxectivo de coordinar no marco dunha intervención multiprofesional.

Suxerencias e recomendacións ás familias sobre algúns dos aspectos educativos consultados:

Derivación dos nenos/as a especialistas externos se procede e/ou se demanda.

Libros de información sobre o tema de ciumes, de límites na educación dos fillos, dos nenos inqueos e moi activos, con falla de atención de indisciplina, desmotivación, inestabilidade emocional, separacións dos pais, enfermidades graves e falecemento de familiares,....

AUDICIÓN E LINGUAXE

Co obxectivo de acadar o máximo desenvolvemento das súas capacidades e que participaran en condicións de igualdade cos demais nenos, recibiron intervención logopédica máis de 40 alumnos de Educación Infantil e Primaria, nas modalidades de apoio na súa aula específica de AL, con atención individual ou en pequeno grupo.

As intervencións foron moi distintas debido á heteroxeneidade do alumnado, en canto a

- **SESIÓNS IMPARTIDAS:** Uns alumnos só unha media sesión semanal e outros ata catro sesións semanais. Algúns alumnos, debido ás necesidades educativas, contaron tamén co apoio de PT.
- **INTERVENCIÓN LOGOPÉDICA:** Alumnos aos que tan só se lles fixo unha exploración fonolóxica e mandáronse recomendacións de actuación á titora e á familia, pasando por alumnos con problemas de pronunciación dalgún fonema, fluidez verbal, dificultades en lecto-escritura, ou alumnos con maiores dificultades de linguaxe e de desenvolvemento semántico, sintáctico e pragmático por padecer algún trastorno ou síndrome específico.

Para atender as necesidades educativas que existen neste centro debería, entre outras medidas, pasar pola existencia de máis profesionais de apoio, sexan AL ou PT.

PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

No presente curso 2008- 09 recibiron apoio educativo ás necesidades educativas especiais, por parte dos mestres desta especialidade, 19 nenos e nenas de idades comprendidas entre os 3 e os 13 anos.

A intervención foi dirixida a alumnado con diversas dificultades de aprendizaxe:

Alumnado con dificultades graves de aprendizaxe na lectura, escritura e no cálculo.

Alumnado con deficiencias psíquicas (Síndrome de Down, Síndrome de Sotos e outras deficiencias mentais)

Alumnado con deficiencia motórica (parálise cerebral lixeira).

Alumnado con dificultades cognitivas e metacognitivas.

Alumnado con dificultades de aprendizaxe derivado da inmadurez afectiva.

Alumnado con trastornos conductuais (impulsividade, hiperactividade e déficit de atención).

Alumnado con trastorno xeralizado do desenvolvemento: Trastorno do Espectro Autista.

Alumnado con baixa autoestima e autoconceito, desmotivado cara as aprendizaxes.

Alumnado con déficit nas habilidades sociais, intercomunicativas, organizativas...

Alumnado inmigrante con desventaxa lingüística e curricular.

A nosa liña de actuación no presente curso incidíu na consecución dos obxectivos propostos na Programación Xeral realizada a principio do curso.

Intervencións:

A nivel de centro:

- Participamos como membros da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Participamos e colaboramos como membros das distintas comisións: Equipo TIC, EACE e Dinamización do Observatorio da Convivencia Escolar.
- Participamos activamente nas decisións e reunións do D.O.

A nivel de profesorado:

- Procuramos manter unha coordinación e comunicación fluída có profesorado que atende ós nosos alumnos có obxectivo de acadar unha liña común de actuación e de traballo.
- Cooperamos e colaboramos no desenvolvemento e avaliación das ACIS.
- Elaboramos os informes que reflicten o nivel de consecución dos obxectivos acadados por este alumnado no presente curso.
- Elaboramos caderniños de traballo e diversos materiais adaptados para facilitar ás aprendizaxes deste alumnado seguindo na medida do posíbel o establecido polo seu profesor- titor.

A nivel familia:

- Procuramos, xunto cos titores, asesorar e implicar ás familias na vida educativa e académica dos nenos/ as a través de diversas actividades como: entrevistas, reunións conxuntas e individuais, encontros e festividadeas...
- Intercambiamos información dos seus fillos/ as sobre: comportamentos, hábitos de estudo, lectura, traballo, ocio e tempo libre... sobre a vida afectiva, social, lingüística...
- Procuramos unificar normas, regras e liñas comúns de actuación como modo de consolidar un axeitado desenvolvemento integral por parte dos alumnos.
- Informámoslles oralmente e por escrito, cando foi necesario, sobre a evolución e progreso educativo e persoal dos seus fillos/ as.

A nivel alumno:

-En función das necesidades do alumnado, realizáronse dous tipos de medidas de atención a diversidade: o Reforzo Educativo e as Adaptacións Curriculares.

Con respecto ás aprendizaxes previstas con este alumnado na Programación Xeral Anual, destacar que as actuacións levadas a cabo no curso e o grao de consecución dos obxectivos aparecen reflectidas nos informes individuais. En todo caso, decir que os resultados previstos foron acadados en boa medida, con algunhas salvedades, por exemplo, nun caso de 2º curso polo seu elevado absentismo escolar por diversas causas .

Para rematar, decir que en todo momento procuramos crear un axeitado clima de ensinanza e aprendizaxe cos nosos alumnos, tanto cando traballamos dentro como fóra das aulas ordinarias, empregando sempre que foi posible aprendizaxes significativos e funcionais.

EDUCACIÓN COMPENSATORIA

Obxectivos:

Como obxectivo xeral podemos reseña-la “adquisición de coñecementos e destrezas instrumentais básicos e a consecución de hábitos de estudo, conducta, hixiene e aseo persoal que permitiron a integración dos alumnos no medio escolar”. Isto, combinado cos obxectivos curriculares encadrados en cada nivel e en cada área, axudaron a que o proceso educativo se desenvolvese dunha forma óptima e satisfactoria.

Como obxectivos específicos explicitarei os seguintes:

- Conquerir hábitos de aprendizaxe, estudo e traballo persoal, así como as técnicas instrumentais necesarias para o seu desenrolo.
- Fomenta-la adquisición do coñecemento e automatismo no cálculo matemático.
- Desenrolar e incorporar actividades básicas de conduta que faciliten a adaptación dos alumnos ao medio escolar.

- Estimula-la aprendizaxe da lecto-escritura nos alumnos que carecen dela, utilizando con eles o método onomatopéico, debuxo-consoante ou debuxo-vocal.
- Fomenta-la aprendizaxe das linguaxes oral e escrita.
- Procura-lo gusto pola lectura.
- Tratar de mellora-la comprensión.
- Desenrolar o interculturalismo na escola.
- Planifica-las sesións de traballo individualizado, mediante a coordinación cos profesores-titores.
- Promover unha maior participación dos pais na vida escolar.
- Control da asistencia dos nenos ao colexio.
- Mante-lo contacto cos asistentes sociais do Concello, observando o protocolo de absentismo escolar, publicado pola Consellería de Familia, Muller e Xuventude, naqueles casos que así o precisen.
- Asistir ás reunións do Departamento de Orientación e ás do Equipo de Educación Compensatoria (un día por semán, cada unha).

Contidos:

A diferenza de niveles e etapas cos que traballo na miña práctica educativa fai imposible o desglose de contidos; estes contidos estarán relacionados con tódalas áreas de aprendizaxe.

Debido ás características particulares deste alumnado, contidos referidos á socialización ou á valía da escola para a formación intelectual da persoa, estiveron moi presentes na miña práctica docente.

Metodoloxía:

En canto á metodoloxía, o mestre actúa como guía, creador de situacións e motivador, elixindo os contidos que obligan aos alumnos e alumnas a construí-la súa propia aprendizaxe e que ó mesmo tempo, á utiliza-lo na súa vida cotiá; na práctica, cada profesor aporta o seu estilo docente, fundamentado nun conxunto de principios psicopedagóxicos que a súa formación e experiencia lle validaron. É un dereito individual de cada mestre escolle-la metodoloxía

concreta que vai utilizar; a continuación, destaco algúns dos principios metodolóxicos máis relevantes para os nosos alumnos:

- Globalización: entendida coma un enfoque fronte o proceso de ensinanza-aprendizaxe que se caracteriza por interrelacionar cada proposta de traballo, actividades ou aspectos que provoquen a entrada en funcionamento dos mecanismos da personalidade e o desenvolvemento do alumno.
- Socialización e Individualización: están profundamente ligadas ó desenvolvemento e educación da súa afectividade; os nenos e nenas deben ser conscientes de que a súa vida transcorre nun medio concreto onde non está solo e as súas pautas condutuais, cognitivas e afectivas deben ter moi presente este aspecto. En ningún caso, estes dous principios son termos opostos, senón todo o contrario; o profesorado debe coñecer-las características e capacidades de cada neno e actuar en consecuencia.
- Aprendizaxe Significativa: propicia que os alumnos sexan os protagonistas da súa propia aprendizaxe e que poidan integrarse na súa estrutura cognitiva mediante a relación existente entre os novos contidos e os coñecementos previos que xa posúe.
- Actividades lúdicas: para realizar en certas ocasións e sempre motivadoras e gratificantes; estes nenos non están motivados, o seu nivel de autoestima e autoconcepción é baixo e por iso, é importante e necesario reforza-los seus éxitos. Según a autora Pilar Pascual, *hai que reforza-la confianza do neno en si mesmo sen nega-la existencia do seu problema, pero quitándolle o valor comparativo cos demais.*

Outras pautas a ter en conta na miña intervención serían, entre outras:

- A intervención debe entenderse coma un proceso dinámico.
- Adecua-lo ritmo que eu poida seguir.
- Transmitir adecuadamente a información.
- Ter en conta os erros, aínda que resaltando o positivo.
- Fomenta-lo traballo en equipa.
- Partir dos coñecementos previos do alumno.
- Estimula-la espontaneidade e despertar-la curiosidade por aprender.

- Ensinar a aprender, utilizando técnicas que favorezan a autonomía e responsabilidade dos nenos.
- Facilita-la xeneralización.
- Crear un clima de confianza e seguridade, así coma un ambiente cálido, acolledor e seguro.

Materiais:

- Fichas de comprensión matemática.
- Fichas de lecto-escritura.
- Libros de texto.
- Libros de lectura.
- Xogos de ordenador e manipulativos.

Actividades:

Os alumnos que non sexan capaces de leva-lo ritmo da clase ordinaria, realizaron fichas complementarias ao seu traballo; empregaron todo tipo de materiais adaptados ás súas necesidades e reforzaron as técnicas instrumentais básicas (lecto-escritura, conceptos básicos, vocabulario, comprensión matemática...).

Criterios e instrumentos de avaliación:

Este é outro componente curricular imprescindible para valora-lo proceso educativo.

A forma de realiza-la **avaliación** pode axudar no proceso de desenvolvemento do alumnado ou ben, mediatizalo; programada de antemán, valora a importancia que desempeña no proceso educativo:

- Coñece-la situación inicial dos alumnos: suposto previo do que parte toda acción educativa.

- Precisa-la situación desexada á que se quere chegar ó final do proceso: tendo coma referente os obxectivos reflectidos en cada ciclo no PCC.
- Segui-lo proceso de desarrollo evolutivo do alumnado: observarase o proceso día a día, de forma sistemática e coa posibilidade de ampliar ou adapta-la nosa práctica educativa, segundo as necesidades individuais.

En canto aos **criterios de avaliación**, irán acordes cos obxectivos plantexados; os obxectivos xerais a conquistar en cada ciclo serán a guía para a elaboración e concreción curricular no aspecto referido aos criterios de avaliación, tendo como referencia, os currículos de Educación Infantil e Primaria, pero máis especificamente os proxectos curriculares de cada centro.

Particularmente, a miña tarefa consiste na estreita colaboración co titor e profesores especialistas que imparten clase ao meu alumnado e participo de forma activa nas xuntas de avaliación do meu centro de destino, a fin de optimiza-lo proceso educativo e conqueri-lo desenrolo integral dos nenos.

Seguindo a Mendoza (1985), *o éxito dun tratamento depende en gran medida dos seus métodos de avaliación e dos seus criterios diagnósticos.*

Seguimento:

- Visitamos os domicilios daqueles nenos que presentaban un elevado absentismo escolar.
 - Mantivemos contacto, na medida do posible, coas familias dos nosos alumnos.
 - Tivemos unha colaboración estreita cos profesores titores, para planificar sesións de traballo.
 - Nos casos límite, acudimos á Asistencia Social do Concello, observando o protocolo de absentismo escolar publicado pola Consellería de Familia, Muller e Xuventude.
 - Colaboramos de forma contínua coa Xefa do Departamento de Orientación.
 - Xuntanzas, os martes pola tarde, na sede da Comisión de Integración (I.E.S. "A Sardiñeira").

MEMORIA DA DINAMIZACIÓN DO OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR.

No curso 2007/08 constituíuse no CEIP “Emilia Pardo Bazán “ o **OBSERVATORIO DE CONVIVENCIA ESCOLAR**, organismo de recente creación por parte da administración educativa que esixía por parte dos seus integrantes formación específica para poder desenvolver as súas funcións.

Ditas funcións atopámolas recollidas no **Decreto 85/ 2007 do 12 de abril** que **crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar**, concretamente no artigo 7 (punto 3) e que enumeramos :

- participación na dinamización do plan de convivencia do centro e na mediación escolar.
- elaboración dun informe anual sobre análise da convivencia e conflictividade no seu ámbito, así como sobre as inactivas a nivel de centro
- coordinación de actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionados coa mellora da convivencia
- propoñer á Administración educativa todas aquelas medidas que se consideren oportunas para a mellora da convivencia escolar no centro.

Partindo de ditas funcións a comezos do presente **CURSO 2008/09** María Salomé Santos Santos(mestra especialista en Audición e Linguaxe) é nomeada responsable da “**Dinamización do Observatorio da Convivencia Escolar**” no centro por parte do director do centro segundo o anteriormente mencionado.

Os **OBXECTIVOS** que se pretenderon desenvolver dende o Observatorio de Convivencia para o curso 2008/09 e que así foron recollidos na Programación Xeral anual foron os seguintes:

- continuar co desenvolvemento do “Observatorio de Convivencia” no centro iniciado no curso 2007/08.
- buscar propostas de implicación e participación por parte de toda a comunidade educativa no desenvolvemento do Observatorio.
- tentar dar resposta a situacións conflictivas e problemáticas que poidan xurdir o longo do curso no centro.
- colaborar no reaxuste do Plan de convivencia do centro.
- desenvolver diferentes actividades para a prevención e /ou solución de posibles conflitos que podían xurdir no ámbito educativo.

Aínda que o observatorio foi constituído no curso anterior, recollemos os diferentes **INTEGRANTES** do mesmo, dado a cambios na configuración do Consello Escolar :

- D. José Manuel García Yanes (presidente e director do centro).
- D. Horacio Vázquez Boedo (vicepresidente e xefe de estudos)
- D^a Monserrat Erausquin Salazar (Orientadora do centro)
- D . Arturo Ameneiro Cerviño(responsable de coeducación)
- D. Manuel Boquete Pérez(representante do persoal non docente)
- D^a Elena Ramos García (representante das familias)
- D^a Carmen Mera Ben, D^o María José Cabado López, D^o Carmen Cruz Ceibe(representantes do profesorado e membros do Consello Escolar)
- Rodrigo Bozal Pazos(6^o B) e Antón Liste Alisedo (6^oA) alumnos/as de 6^o de Educación Primaria coma representantes dos alumno/as.

A comezos do curso leváronse a cabo varias xuntanzas co xefe de estudos para analizar a problemática específica que puidera ser obxecto de análise e traballo dende o observatorio da convivencia, chegando a unha reflexión de que os principais problemas xurdían no tempo de lecer no patio.

Entre as numerosas e posibles **CAUSAS** constatabamos as seguintes:

- Contabamos con moitos alumnos/as compartindo o patio ó mesmo tempo.
- A meirande parte dos problemas do patio xurdían á hora de xogar ó fútbol.
- Só se contaba cunha pista para poder xogar a dito deporte.
- Incumprimento das normas establecidas á hora de empregar a pista por algúns alumnos/as, normas que todos coñecían(a utilización da única pista deportiva determínase do seguinte xeito: os luns os alumnos/as de 1^o e 2^o de E.P., martes os de 3^o , mércores os de 4^o, xoves os de 5 e por último os venres os alumnos /as de 6^o de E.P)
- Debida a orografía do patio(moitos recunchos, desniveis de terreo, extensión, alumnos/as con n.e.e que precisan unha atención específica....) facía moi difícil que os mestres/as de garda poidesen en “determinados momentos” controlar toda a extensión de xogos dos alumnos/as.
- Obras recentes que recortaban aínda mais as instalacións para poder xogar.

Ditos problemas xerados daban lugar a súa vez a determinadas **CONSECUENCIAS** que recolleamos:

- Enfrontamento (pelexas) entre os alumnos/as no patio.
- Ditos enfrontamentos eran levados ó grupo -clase.
- Rivalidade entre aulas.
- Diferenciación entre compañeiros/as sobre todo a hora de formar equipos(as veces os alumnos/as querían xogar xuntos por empatía e/ou amizade indistintamente do curso ó que pertencían, o que facía que ben se formasen grupos numerosos, roces entre eles....etc.).
- Asistencia á xefatura de estudos para solucionar problemas, coa asistencia dos titores o que facía que as veces se tiñan que interromper as clases(en momentos moi puntuais)
- Falta de claridade ante as consecuencias dun altercado entre compañeiros/as.

Tras ditas reflexións plantexamos un plan de traballo que recollía os seguintes pasos:

- ❖ determinar de forma clara a orixe do problema.
- ❖ elaborar unha enquisa dende o observatorio para poder determinar as causas.
- ❖ levar as enquisas as aulas conflito(alumnos/as de 4º, 5º e 6º de Educación Primaria).
- ❖ analizar os resultados derivados das enquisas.

Conxuntamente co xefe de estudos elaborouse unha **ENQUISA** co obxectivo prioritario de recoller determinados aspectos relacionados co tempo de lecer dos alumnos/as, as preferencias dos seus xogos, os materiais cos que contaban e/ou lles contar, plantexamento de posibles actividades a levar a cabo dende o centro e a súa posible participación, que tipo de problemas observaban no tempo de lecer e no mesmo contorno de xogo, posibles solucións que podían aportar para solucionar ditos problemas.....etc.

A continuación axuntamos as diferentes preguntas que lles foron solicitadas os alumnos/as:

1. ¿Qué fas na hora de lecer?:

- Xogo á pilla
- Xogo ó fútbol
- Xogo ós agochos
- Paseo polo patio
- Vou á biblioteca
- Outros (indica que): _____

2. ¿Qué che gustaría facer na hora de lecer?

3. ¿Con qué material contades á hora de xogar? ¿Cres que é suficiente?

4. ¿Estarías disposto/disposta a participar nunha actividade proposta polo centro (por exemplo unha liga de fútbol, baloncesto, brilé...?)

- Si
- Non
- Depende

5. Si participaras nunha liga (por exemplo unha liga de fútbol, ¿qué che gustaría ser?:

- Xogador/a
- Árbitro/a
- Responsable do material
- Mediador/a
- Outros

6. Indica os problemas que atopas á hora de xogar no patio.

7. ¿Qué posibles solucións ves ós problemas do patio?

Tras a recollida das enquisas polas diferentes aulas levouse a cabo un análise do contido das mesmas e tentamos recoller os diferentes puntos de vista aportados polos alumnos/as, extraendo as seguintes **CONCLUSIÓN**S:

- na hora do patio mais do 50% dos alumnos/as de 4º, 5º e 6º pasean polo patio(cremos que ditos datos veñen orixinados pola existencia significativa de alumnas nos cursos superiores e pola falta de outras opcións lúdicas interesantes)
- entre os deportes practicados destacaba o fútbol(en 5º e 6º de E.P.) e o xogo da pilla.
- numerosos alumnos/as acudían a biblioteca no recreo e mesmo alternaban a asistencia a esta cos xogos cos compañeiros e coa práctica do fútbol(aspecto ven que ven dado pola utilización das pistas diferentes días.).
- entre as preferencias dos alumnos/as en como empregar o tempo de lecer destacaba o xogar o brilé e traer diferentes consolas dos seus fogares.
- outros xogos a mencionar (en menos medida) foron o xadrez, xogar coas cordas, cos gogos, xogar o pano, xogar as cartas.....
- aparecían un número significativo de alumnos/as (4% aproximadamente) que fixeron referencia a necesidade de estar tranquilos no seu tempo libre; desgustáballe que os nenos mais pequenos os amolasen e que os maiores fixeran trampas, lles pégnanse, molestasen....
- acusaban unha ausencia significativa do material co que contaban para xogar, destacando só o disfrute do balón dalgúns alumnos/as que o traían dos seus fogares.
- resaltaba o uso da “imaxinación” coma recurso lúdico por moitos alumnos/as fronte a falta doutros recursos tanxibles.
- moitos dos alumnos/as encuestados estarían dispostos a participar nalgunha actividade e /ou xogo proposto polo centro, sempre co condicionante da actividade que se lles oferte.
- referente os roles de participación nalgunha actividade mais dos 3 tercios dos alumnos/as preferían ser xogadores activos seguidos de un alto porcentaxe dos mesmos os que lles gustarían ser os encargados do material.

- os alumnos/as eran conscientes, e así nolo fan sentir, dos problemas no patio, tanto das súas características que dificultan as actividades lúdicas coma polas pequenos problemas de enfrontamento que durante dito período acontecen.
- constatabamos un número elevado de alumnos/as que se queixaban das liortas acontecidas con determinados alumnos/as, aí coma de insultos e ameazas de uns a outros.
- os alumnos/as queixáronse das obras no polideportivo tanto pola problemática que orixina (o reducir o espacio para xogar) como pola tardanza de remate das mesmas.
- os alumnos/as manifestaron unha serie de pequenos condicionantes que influían de xeito negativo no seu tempo de descanso, entre os que destacamos: pouco espacio para poder xogar todos os alumnos/as dado que eran moitos nenos/as para o espacio destinado para disfrute, os alumnos mais pequenos consideraban que os maiores facían abuso da súa autoridade a hora de empregar as pistas e certos xogos, non existían suficientes pistas para desenvolver certos deportes, as instalacións existentes atópanse en mal estado....
- poñemos de relevancia a existencia dun sentimento de " soidade" por parte de certos alumnos/as así coma de " aburrimento", tanto a nivel individual coma cando buscaban resposta a un conflito na figura do mestre de vixilancia, e estes non lles respostaban de maneira eficaz ou coma eles consideraban que debería acontecer.
- atopamos numerosas queixas de que certos alumnos/as non cumprían as normas en canto a utilización do día que lles correspondía para a utilidade das diferentes pistas, o que orixinaba problemas entre os nenos /as das diferentes aulas e cursos educativos.
- demandaban atención e axuda na figura do mestre de vixilancia, esixindo cumprimento das normas establecidas e castigos acertados.
- as posibles solucións observadas polos alumnos/as para dar resposta os problemas plantexados viñan en gran parte polo remate das obras do polideportivo .
- demandaban comprar material para o tempo de lecer e que este puidese ser empregado así coma o aumento de mais pistas de xogo.

Ditos resultados xunto coma as posibles solucións (dadas dende o observatorio) foron levados a unha das xuntanzas da comisión de coordinación pedagóxica tras o cal decidimos presentalos nun claustro. Entre as **SUXERENCIAS DE POSIBLES SOLUCIÓN**S aportamos as seguintes:

- sería o centro o que compraría e disporía o alcancen dos alumnos/as os materiais para que puidesen realizar diferentes xogos.
- nos días que non se pode saír o patio os alumnos/as proporcionaríamos xogos de aula entretidos.
- propuxemos os seguintes **xogos** a desenvolver nas instalacións do patio:
 - xogo da corda
 - xogo das gomas elásticas.
 - xogo de raquetas con pelotas brandas.
 - xogo con aros
 - baloncesto
 - fútbol(xa instaurado polos alumnos/as)
 - brilé
 - voleibol.
- Recollemos que tipo de **material** sería preciso:
 - caixas para gardar o material
 - cordas (sobre 10 aproximadamente)
 - gomas elásticas (10 aproximadamente)
 - raquetas brandas coas súas pelotas correspondentes)
 - aros de diferentes tamaños
 - pelotas de baloncesto (sobre 3)
 - pelotas de fútbol(sobre 5)
 - pelotas brandas de tamaño mediano para o brilé (sobre 5)
 - pelotas brandas de voleibol (sobre 3)
 - redes para delimitar campo de xogo
- **o material estaría gardado en caixas** co seu nome identificativo e **custodiado no almacén** de material. Contaríamos cun inventario mensual do mesmo para corroborar o seu estado e uso.

- cada aula sería informada do material co que contaban polos titores/as así coma as **normas de uso**, expostas no aula e coñecidas por todos. O incumprimento das normas levaría a toda a clase (ou alumno en cuestión) a non poder empregar o material en toda a semana.
- en cada aula contaríase con **1 alumnos/as** (voluntarios ou ben por lista) que serían os encargados de proporcionar o material segundo lles correspondese no seu día de uso; así mesmo serían os encargados de recollelo 5 minutos antes de que soe a serea. O encargado sería semanalmente denominado e exposto na clase o luns a primeira hora de clase.
- A distribución de uso dos diferentes xogos sería a seguinte:
 - **ZONA 1:** zona onde distribuíramos os **xogos da corda, das gomas elásticas e dos aros**. Utilización por parte dos alumnos/as: luns 6º de EP, martes 5º de EP., mércores 4º, xoves 3º e venres 1º e 2º
 - **ZONA 2:** **xogos coas raquetas brandas**. Utilización por parte dos alumnos/as: luns 5º de EP, martes 4º de EP., mércores 3º, xoves 2 e 1 º e venres 6º.
 - **ZONA 5:** **zona de baloncesto**. Utilización por parte dos alumnos/as: luns 4º de EP, martes 3º de EP., mércores 2º, xoves 6 º e venres 1 e 2º
 - **ZONA 6:** **zona de voleibol**. Utilización por parte dos alumnos/as: luns 3º de EP, martes 2 e 1º de EP., mércores 6º, xoves 5 º e venres 4º.
 - **ZONA 6:** **zona de brilé**. Utilización por parte dos alumnos/as: luns 2 e 1º de EP, martes 6º de EP., mércores 5º, xoves 4 º e venres 3º.
 - **ZONA 4:** **zona de fútbol**. Utilización por parte dos alumnos/as: luns 1 e 2 º de EP, martes 3º de EP., mércores 4º, xoves 5 º e venres 6º.
- para poder levar a cabo todas estas actividades deberíamos de ter claro unha serie de premisas e así as recollemos:
 - importante a colaboración dos mestres titores/as tanto na explicación das normas de uso do material como no desenvolvemento das actividades. O luns na primeira sesión deberíase de determinar o encargado de material semanal así coma a zona de xogo que lles correspondía(sobre todo nos primeiros días de funcionamento das actividades)

- no tempo de lecer cada mestre de garda debería de ter en conta cada unha destas actividades, prestando atención a que non se produzan altercados. Para eso cada mestre debería de coñecer a que curso lle correspondía cada unha das áreas(exposición no taboleiro de mestres a distribución dos mesmos).
- proporcionaríamos a cada aula un cuadrante das zonas delimitadas de cada un dos xogos así como da distribución semanal; así mesmo serían os encargados de por en práctica o castigo de non poder utilizar dito material os alumnos/as que incumpran as normas establecidas para todos/as.

Deste xeito e tras a presentación das diferentes informacións recollidas e proposta de solucións ó claustro de mestres deixouse que se debateran nas diferentes xuntanzas dos ciclos as impresións aportando posibles suxerencias no caso que se considerase necesario; ditas aportacións foron expostas nunha xuntanza da comisión de coordinación pedagóxica e recolléndose as seguintes

CONCLUSIÓNS:

- Gran parte do profesorado non é partidario de acotar os diferentes espazos cos que se conta para a hora de lecer e que sexan divididos para desenvolver os diferentes xogos propostos; manifestan que deben ser os alumnos/os os que libremente dispoñan dos diferentes espazos e facer o que lles apeteza en cada momento (por exemplo poden pasear....).
- Rexeitase a dirección dos diferentes xogos e do tempo co que contan para descansar, avogando pola liberdade de elección de cada un.
- Rexeitase a distribución por días e por aulas dos diferentes xogos.
- Aceptase que a pista grande da parte de abaixo do centro se poida subdividir para que os alumnos/as poidan desenvolver diferentes xogos que eles crean convintes.
- Amosan o descontento de que a zona de detrás do colexio(coñecida por ser zona de paso) sempre estean xogando os nenos ó fútbol coas consecuencias que poden carrear(golpes, balonazos...)
- Recoñecen o pouco material co que dispoñen para xogar os alumnos/as e manifestan que podería ser o centro quen lles proporcionara dito material; nembargantes nos lles parece que dito material sexa distribuído senón que este no aula e que se empregue polos alumnos/as que así o soliciten.

- Ponse de manifesto a necesidade dunhas normas comúns para todos en canto so castigos e normas de convivencia durante o tempo de lecer, ser coñecidas por todos e levadas a práctica de forma común.
- Proponse que se poida proporcionar outros xogos como por exemplo mesas de ping-pong no patio cuberto. Ponse de relevancia os poucos espazos cos que conta o centro en función da grande cantidade de alumnos/as así coma as dificultades que xera os días de choiva (téñense que quedar nas titorías)
- Proponse a creación dun club de lectura(a estudar para o próximo curso).

Tras o análise do traballo realizado polo Observatorio de Convivencia convócase unha xuntanza de tódolos membros que o configuran para informar dos aspectos traballados, conclusións e acordos achegados para o próximo curso lectivo. Nesta xuntanza os diferentes membros tras ser informados dos resultados engaden novas percepcións a ser tidas en conta a hora de analizar propostas de traballo dende o Observatorio en anos posteriores.

Deste xeito e a modo de reflexión engádense as seguintes **CONCLUSIÓNs**:

- No **centro educativo Emilio Pardo Bazán** non acontecen problemas de grande relevancia en canto a convivencia se refire; os pequenos altercados referidos acontecen coma froito de convivencia de unha grande cantidade de alumnado moi heteroxéneo en idades, intereses e procedencias que fai que ante a escaseo de espazos dificulten e aparezan roces entre o alumnado.
- Ante a grande cantidade de alumnos/as é moi difícil que o profesorado de garda dea as solucións esperadas polo alumnos/as a ditos problemas, sobre todo pola grande extensión do patio e a orografía do mesmo.
- Moitos dos problemas recollidos nas enquisas veñen orixinados polas obras no polideportivo así coma as consecuencia subliñadas a tal respecto(xa mencionadas)
- As compañeiras da etapa da Etapa de Educación Infantil puxeron de manifesto as dificultades que se atopan a hora de saír o patio cos pequenos(moi pouco espazo e xogos para a agrande cantidade de alumnos/as que o ocupan ó mesmo tempo). Do mesmo xeito informaron da difícil situación que se xera as entradas e saídas debido a “invasión” dos familiares á hora de recoller aos seus fillos(non esperan a zona acotada, non deixan pasar ós nenos/as para as

súas filas...) dando lugar algunhas veces a situacións de posible perigo(coma por exemplo a escapada dalgún pequeno). Reclamaron a presenza dunha figura de autoridade (por exemplo do director) en momento puntuais e o longo do presente curso xa se enviou os pais circulares informando da situación que se xera e das posibles consecuencias.

- As compañeiras de infantil aportaron a idea de pintar no chan do patio de infantil xogos tradicionais(tipo do 3 en raia) para disfrute dos mais pequenos/as.
- Informouse dos problemas que acontecen nas saídas de primaria debido sobre todo os atasco(fundamentalmente en días de choiva) e as pelexas que xorden a hora de esperar as quendas dos diferentes cursos, orixinando en moitas ocasións empurróns e pelexas entre os alumnos/as.
- Os representantes dos alumnos fixéronnos partícipes das súas queixas sobre todo do mal uso por parte dalgúns alumnos/as das mochilas de rodas(as veces feren a outros con movementos inadecuados), do pouco espacio que teñen na biblioteca e da escasa altura que teñen os muros das porterías das pistas(escápaselles o balón con en numerosas ocasións)

Tras o análise e a reflexión dende o Observatorio de Convivencia propuxéronse unha serie de propostas a ter en conta para o próximo curso 2008/09:

- ❖ Tendo en conta que a nivel de espazos se conta con dous centros(o pequeno de infantil e o de primaria) a dinamización do observatorio debería de estar ó cargo de dous membros do claustro, un de cada etapa dada as dificultades a hora de traballar e coñecer a problemática do centro.
- ❖ Ter presente a hora de determinar un punto de partida a traballar para o próximo curso as reflexión recollidas tanto polo claustro coma polos membros do observatorio, podendo facer fincapé nalgún dos aspectos sobre os que se fixeron mención.
- ❖ Na etapa de Educación Infantil fixéronse a finais de curso obras no patio polo que sería interesante elaborar un pequeno decálogo de normas de convivencia dos diferentes espazos do patio e do centro en xeral.
- ❖ Continuar coas propostas de proporcionar material os alumnos/as, aspecto que tratara o centro pero no que nos podemos colaborar.

Salomé Santos Santos. Coordinadora do Observatorio da Convivencia

MEMORIA COMISIÓN TIC

* Obxectivos propostos na PXA 2008-2009:

1.- Completar a elaboración do Plan TIC.

Na actualidade está en fase previa á súa presentación ó Claustro de Profesorado.

2.- Mellora-la alfabetización dixital na comunidade educativa.

Neste obxectivo pódense incluír como elementos dinamizadores a publicación dos diferentes blogs, revista dixital e blogs de profesorado, ANPA, representante do Consello Escolar así como a web oficial do colexio.

- Aula Blogue (Educación Infantil)
- Facemos música (Profesora de Educación Musical)
- TIC TIC TIC (Comisión TIC)
- Milnen@s (Web do ANPA)
- Cousas do cole (Representante Pais/Nais no Consello Escolar).
- Biblio.es (Blog do Proxecto de Agrupamento Intercomunitario)
- Web dinámica do colexio (Páxina oficial)
-

3.- Actualización e mantemento da web dinámica do colexio e da revista en liña.

No referente á revista dixital cabe sinalar a publicación dun total de 44 artigos referidos a todo tipo de actividades e propostas didácticas. Coa publicación de artigos sobre aspectos relativos á vida escolar, ás actividades extraescolares do ANPA ou a novas de eido institucional completouse un amplo abano do acontecido no colexio no curso 2009-2010.

Polo que respecta á páxina web do colexio (web dinámica) figura xa como a web oficial do centro e así pode atoparse no portal web da Consellería de Educación e O. U. no apartado de centros. O volume de novas ou documentos publicados no presente curso escolar pode considerarse algo escaso con respecto ós publicados na Revista Dixital. Tamén é necesario resaltar as dificultades encontradas á hora

de establecer un grupo de profesorado disposto a participar na súa confección e actualización, xa que require algúns coñecementos técnicos e sobre todo tempo de adicación.

* Actividades propostas na PXA 2008-09:

1.- Inventariado por ciclos do material informático.

Pendente de realización.

2.- Elaboración dun Plan de Formación.

Neste eido fixéronse algunhas sesións formativas dirixidas ao profesorado sobre temáticas relacionadas con:

- Xestión Académica de Centros.
- Uso do programa de xestión da biblioteca: MEIGA.
- Publicación de artigos na revista dixital.
- Publicación de artigos na páxina web do centro.
- Sesións formativas dirixidas ó colectivo de familias sobre uso de internet.

3.- Constitución dun Seminario Permanente sobre a revista en-liña do colexio.

Durante todo o curso escolar viñeron realizando publicacións de artigos relacionados coas áreas ou niveis educativos nos que impartiron docencia os seus participantes.

4.- Potenciación do uso do XADE entre o profesorado.

Como consecuencia da necesidade de cumprimentar as cualificacións trimestrais, as faltas do alumnado, os informes de avaliación inicial e final de cada ciclo, e outras tarefas propias de titoría, o uso do XADE incrementouse notablemente neste curso escolar.

* Equipamento informático e liñas ADSL.

Na actualidade o edificio de educación infantil conta en todo o edificio cunha conexión ADSL, pagada polo colexio.

No edificio de educación primaria estase pendente da activación da conexión wifi para tódalas dependencias que contén con equipos que permitan tal conexión.

A finais de curso recibíuse o seguinte equipamento informático:

- 12 Videoproxectores.
- 5 pizarras duais.
- 7 pantallas murais.
- 2 ordenadores portátiles.
- 1 impresora laser monocromo.

A distribución do equipamento realizarase seguindo os seguintes criterios:

- Instalación de videoproxectores e pantallas duais nas 2 aulas de inglés e na aula de música do edificio de educación primaria.
- Instalación dunha pantalla mural e 1 videoproxector no Salón de Usos Múltiples.
- Instalación dun videoproxector na biblioteca escolar.
- Instalación de 1 videoproxector e 1 pantalla dual na aula de vídeo de educación infantil.
- Compartición de equipo móbil (videoproxector + portátil) para o 1º e 2º andar do edificio de educación primaria.
- Instalación de pantallas murais nas aulas de educación infantil e compartición de equipo móbil de proxección e son na medida das posibilidades.

As necesidades de dotación de materiais informáticos van fundamentalmente dirixidos á reposición de PCs nas aulas de primaria que non dispoñan de tarxeta de rede. Así mesmo sería convinte incrementar a dotación de máis videoproxectores e de equipos de reprodución laser.

COMISIÓN DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

O EACE do CEIP Emilia Pardo Bazán, no curso escolar 2008- 09, reuniuse un total de nove veces cunha asistencia total, agás o profesorado de baixa, e neste caso, contouse coa presenza do correspondente mestre/ a substituto.

A principio de curso puxémonos dacordo para fixar uns obxectivos que en boa medida se cumpriron, exceptuando un par de festas (día da ecoloxía...) que non foi posible realizar, ben por falta de tempo ou por coincidir moi preto doutras datas de maior tradición.

Principais puntos tratados neste curso:

- obxectivos para a PXA
- festas de inicio de curso
- proposta de retirada de antigos murais e novos soportes para a decoración do colexio
- festa do Magosto
- festival de Nadal
- festa do Entroido
- Decoracións varias do mural da entrada

Puntos a mellorar e sugerencias:

Nalgúns dos puntos anteriormente citados, existen certas melloras a ter en conta no vindeiro curso. A celebración do Festival de Nadal fíxose en dous turnos, e por outro lado en Infantil. Supuxo gran movemento do alumnado e sería mellor facelo nun só día. Este problema deriva da falta de espacio no salón de actos.

Para a celebración do Magosto, é necesario conseguir algún artiluxio que permita asar máis castañas, os que temos son antigos, lentos e dan moito traballo.

A decoración do colexio basouse sobre todo no mural da entrada, que foi cambiando dende a exposición de postais de Nadal, murais do Entroido, a

primavera... ata chegar ás Letras Galegas, do que se ocupou o equipo de Normalización Lingüística.

A nova decoración do colexio polos corredores a fixeron os tutores ao seu gusto, foi imposible atopar novos soporte para murais, nun principio pensouse en taboleiros de Porexpan, pero a súa duración e pouca e conseguilos non é fácil.

A festa do Entroido deste ano tivo algúns cambios. Os nenos viñan co disfraz da casa á súa elección, e celebrouse unha festa despois do recreo na que se bailou principalmente. Non se fixo desfile nin nada especial, pero sorprendente mente, resultou moi ben para todos. A elección dos disfraces por parte dos nenos resultou satisfactorio, incluso os trataron mellor. Desta forma tamén afórrase moito tempo de realización de disfraces que conleva unha gran distracción para os rapaces. A música brasilira e carnaveleira resultou un éxito e o tempo chegou de sobra.

Os gastos fixéronse a meirande parte na festa de inicio de curso e no papel continuo para o mural da entrada. Foron case 40 euros.

AS SAÍDAS ESCOLARES NO CURSO 2.008/09.

No curso 2.008/09 a maioría das saídas foron para participar nas distintas actividades que oferta o Concello de A Coruña nos seus programas educativos de **“Aprender en Coruña”**.

As saídas foron as seguintes:

-Todos os cursos de E.Infantil e E.Primaria participaron:

- Nos concertos que organiza a Orquesta Sinfónica de Galicia (Programa: Descubrir a Música - Só participaron os alumnos de 5 anos de E. Infantil)

- No programa Circuitos Culturais (cada nivel ten asignada xa unha visita determinada: Museo de Belas Artes, Bombeiros...)

-O teatro: dentro do programa “Todo Público” de teatro infantil que ten lugar no Forum Metropolitano e no Teatro Rosalía de Castro. (Programa: Descubrir o Teatro)

-Tódolos cursos de E.Infantil e os Primeiros e Segundos Ciclos de Primaria participaron no programa “Rutas Urbanas” que organiza tamén o Concello de A Coruña.(Programa: Descubrir a Cidade)

-Todos os cursos de E.Infantil, agás os de 5 anos, participaron no programa “Descubir os libros”: visitaron a Biblioteca Municipal de A Sagrada Familia.

-Programa de Educación Ambiental : “Veo, veo” para os nenos e as nenas de E.I.5 anos, así como o programa “A ruta da auga” para os nenos e as nenas de 5º de E.P.

-Programa “Radio en Ruta”: os alumnos e as alumnas de 6º de Primaria visitaron unha emisora de radio, prepararon un programa que emitíuse desde a biblioteca do Colexio.

Outras saídas foron ás exposicións que organizaron determinadas Fundacións de A Coruña (Fundación Barrié, Fundación Caixa Galicia e MACUF)

- Os alumnos de 4º de primaria participaron nun obradoiro de cerámica na fábrica de O Castro (Sada).

-Houbo outras saídas aos Museos Científicos da cidade: Domus, Casa dos Peixes, Casa das Cienciasasí como algunha saída puntual a algunha entidade (Observatorio Metereolóxico)

-Tamén o profesorado de L.Inglesa organizou dúas saídas (para ver dúas obras de teatro en inglés para alumnado do terceiro ciclo de primaria.

Todas estas saídas tiveron un marcado carácter cultural e a valoración por parte do profesorado foi positiva. Todo o alumnado de E.Infantil e de Primaria, ao longo deste curso, fixo unhas 5 ou 6 saídas: cada semana algún curso estaba fora do Colexio participando nunha visita cultural.

Para rematar o curso fixemos tres saídas de carácter lúdico e convivencia no Albergue de Gandario no mes de xuño. Asimesmo, os alumnos de 6º fixeron unha saída/estancia de tres días no Parque Natural das Fragas do Eume (en Alvarella)

A valoración que fai o Equipo Directivo destas actividades é moi positiva.

BIBLIOTECA

Valoración do grao de consecución dos obxectivos establecidos na Programación Xeral Anual:

1.-OBXECTIVOS: GRAO DE CONSECUCIÓN

➤ **Elaboración do Proxecto Lector de Centro:**

Durante o curso elaborouse o Proxecto Lector, redactado en base ao proxecto que xa se leva aplicando no Centro dende o curso 2002-03: Plan de Lectura Silenciosa Sostida.

Ao longo do curso fíxose un traballo de búsqueda de información sobre a lectura, dos documentos que nos parecían máis interesantes, consultando, tamén, os plans lectores de outras comunidades autónomas.

➤ **En relación ao alumnado:**

A B.E. ademáis de ser o centro de recursos do colexio é un lugar moi especial e querido polos nenos.

A afluencia á B.E cada vez é maior, sobre todo, durante o recreo, o seu tempo libre, para escoller libros de información e de ficción e para buscar información no ordenador a través de buscadores, en relación a traballos propostos dende as aulas.

Tamén os rapaces amosan o interés por buscar outro tipo de información dixital máis vencellada aos seus intereses persoais (deportes, xogos, música, ...).

➤ **En relación ao profesorado:**

Asimesmo, observamos que o profesorado, acompañado do seu alumnado recorre cada vez en maior medida a utilizar os recursos da B.E. para presentación

en power points das unidades curriculares, visionar contos dixitalizados, documentais, selección de documentos WEB,, videoconferencias,...pois afirman que lles resulta máis acolledora e os recursos máis accesibles que na Sala de Audiovisuais.

O nivel de satisfacción por parte do profesorado do uso que fixo o alumnado da B.E. está baseado, ademáis, na constatación de que os alumnos/as milloraron moito como usuarios autónomos na B.E. , coñecendo onde están os libros que desexan coller, decatándose cando un documento está fora do seu sitio e levándoo á mesa de préstamo, solicitando títulos novos dunha colección que lles gusta, recomendando títulos que xa leron e que lles gustaría que estivesen na B.E.

Para conseguir estes obxectivos, realizáronse dende a biblioteca as seguintes **actividades**:

2.- ORGANIZAR E XESTIONAR A BIBLIOTECA

A Comisión da Biblioteca estivo formada durante este curso por catorce profesores/as.

“Programa MEIGA”: Seguimos a empregar o programa “Meiga” de xestión bibliotecaria, para catalogar os novos documentos. Continuamos tamén durante este curso introducindo os códigos de barras que non estaban antes do volcado ao programa Meiga e que aínda non rematamos debido á gran cantidade de documentos da nosa B.E. De paso, seguimos completando estes rexistros bibliográficos máis antigos, introducindo a ubicación dos libros, a sección, as materias, etc. En definitiva, millorando o noso catálogo.

Tamén este curso empezamos a introducir as portadas dos documentos no catálogo en Internet. É unha tarefa laboriosa (escaneado das imaxes, tratamento para poder envalas, arquivado, envío cuidadoso das imaxes), pero pensamos que compensa o traballo, xa que axúdanos a nós a localizar con máis facilidade, e tamén aos alumnos, e da unha visión máis completa.

Adquisición de novos fondos: Adquirimos novos documentos, tanto de información como de ficción, e tanto en soporte de papel como audiovisual ou informático. Dos fondos adquiridos catalogamos uns 400 documentos.

Préstamos: Preparamos os novos carnés de lector para o alumnado e profesorado que chega por primeira vez ao Centro e tamén para os que o perderon., O curso pasado fixemos os carnés para todo o Centro e non queremos cambialos cada curso, pois pensamos que sería un despilfarro de material e tempo.

Realizáronse uns 4000 préstamos, o que supón un incremento con respecto ao curso anterior.

Apertura da B.E.:O día 20 de outubro abriuse a Sala e a partir de entón mantívose aberta durante toda a xornada escolar (de 9h. a 14h) permanecendo aberta tamén no recreo e, pola tarde, dende as 16h. ata as 18h, atendida polo profesorado, ao longo de todo o curso.

Durante este curso fixemos as seguintes actividades de dinamización e de promoción de recursos, a súa integración no tratamento do currículo e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias básicas do alumnado:

3.-ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

Exposicións e Lectura de textos:

- **Exposición de Novidades de Outono**, coa que abrimos a B.E. no mes de outubro.
- **Exposición sobre o Medo**, que sempre ten moi boa acollida por parte do alumnado.
- **Exposición de Nadal**, no mes de decembro.
- **Exposición de Novidades de Inverno**, a partir do mes de xaneiro.
- **Exposición de Astronomía.** (en conmemoración do Ano Internacional da Astronomía). Prestáronse moitos documentos.
- **Exposición de Novidades de Primavera.**

- **Exposición sobre Ramón Piñeiro**, dentro dos actos conmemorativos do Día das Letras Galegas. Durante esta semana recitáronse pola megafonía textos de varias obras en galego., ao igual que se fixera no Día do Libro en castelán, con textos do Quijote.

Eventos realizados na B.E. durante este curso:

- Presentación de unidades didácticas na biblioteca.
- Entrega do cheque solidario 2009: ONG “Ecos do Sur”(11-05- 2009).
- Emisión do programa de radio “A radio na escola”.
- Videoconferencia con Roser Ros, pedagoga, escritora e narradora oral. Fundadora do grupo “DEVIVAVEU”. Participaron os docentes do Centro co obxectivo de millorar a súa formación en relación ás actividades de animación á lectura.
- Encontro cun meteorólogo do Observatorio Meteorolóxico de A Coruña que, con axuda de numerosas imaxes, relatou as súas experiencias na Antártida.

Actividades-Biblioteca realizadas en Educación Infantil en relación á lectura e aos libros:

No primeiro trimestre espuxéronse os libros que se mercaron, coas novidades en galego, castelán e inglés.

Un curso máis solicitamos a colaboración das familias para que regalasen aos nenos/as no Nadal, un libro para aportar á biblioteca de aula.

No segundo trimestre realizáronse visitas á Biblioteca Municipal “Sagrada Familia”.

Co motivo do “ANO INTERNACIONAL DA ASTRONOMÍA” e secundando unha proposta da Comisión da Biblioteca para traballar este tema en todos os ciclos, fixéronse as seguintes actividades:

- a) Exposición de libros sobre O UNIVERSO, tanto narrativos, coma informativos ou poéticos.
- b) MURAL para ambientar dita exposición (coa participación de todas as aulas) representando o Sistema Solar.
- c) MÓVILES de lúas e estrelas.
- d) LECTURA dos libros da exposición na “hora do conto” e actividades relacionadas con eles: ilustración de contos, memorización de poemas, búsqueda de información, etc...
- e) Elaboración do libro do ZODIACO coa participación das familias.
- f) Na Semana das Letras Galegas fixéronse traballos ao redor da figura de Ramón Piñeiro e actuacións de todas as clases cantando, recitando ou dramatizando.
- g) Incrementáronse moito os fondos, non só bibliográficos senón tamén audiovisuais.
- h) Ao longo do curso visionamos DVD de contos ou películas baseadas en contos, nas sesións de vídeo ou nos ordenadores das aulas.

Actividades de formación:

Unha profesora da Comisión e máis a Coordinadora asistiron en Santiago aos “II Encontros de Bibliotecas Escolares de Galicia”, xornadas de formación de B.E. no Pazo de Congresos de Santiago de Compostela, os días 18 e 19 de outubro de 2008.

Nos Encontros do PLAMBE realizados en Santiago de Compostela asistíu unha persoa da comisión de Biblioteca, o día 17 de abril de 2009.

5.- MATERIAIS PRODUCIDOS

Entregáronse unha **guía sobre o funcionamento e servizos** que presta a B.E. e **dúas guías de lectura** para o alumnado e o profesorado, unha antes das vacacións **de Nadal** e outra antes das vacacións **de verán** .

Revista dixital:

Participación na revista dixital do Centro coa elaboración de varios artigos:

- Bibiotecca e Guía de Servizos (30-11-2008)
- Lecturas para o Nadal (27-12-2008)
- Bibiotecca e Astronomía (10-05-2009)
- Lecturas para o verán
- Diplomas “Leóns Dourados” 2009

Diplomas “Leóns Dourados”: Tamén elaboramos os Diplomas para os “Leóns Dourados”, que son aqueles nenos /as que se distinguen pola súa participación lectora na B.E.

Nun acto ao fin de curso dáselles un agasallo como os máis lectores da B.E., xunto co diploma.

E, por último, queremos destacar que a nosa B.E. remata este ano a súa participación no PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares) e non renova para o vindeiro curso. Dende o 1º PLAMBE (curso 2005-06) o noso Centro participou neste plan ao longo de 4 cursos nos que a B.E. recibiu unha cuantiosa dotación económica que permitiu mellorar as instalacións, mercar mobiliario, equipos informáticos e adquirir máis fondos. Consideramos que a B.E. atópase nunha situación moi digna, dotada de medios e recursos, e, que é o momento de ceder o noso lugar no PLAMBE a outras bibliotecas que carecen dos máis mínimos recursos.

PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS OU PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Seguimos a participar nos seguintes programas ós que está vinculado o noso centro.

- Proxecto Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares curso 2.008-09.
- Programa de “Informatización en rede de centros” do Concello da Coruña.

- Horta escolar.
- Programa de anticipación da primeira lingua estranxeira.
- Proxecto medioambiental “Voz Natura”.
- Seminario Permanente para traballar sobre a revista dixital en-liña.
- Seminario Permanente: “Prevención e actuacións de alteracións articulares na etapa de educación infantil: As dislalias”

Constituíuse un Grupo de Traballo intercentros: “Integración curricular das TICs”

Participouse ademáis este curso nos seguintes proxectos:

- Proxecto de Potenciación da Lingua Galega en 4º, 5º e 6º cursos de educación infantil.

SITUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS

Amaños feitos polo Concello:

- Renovación dos elementos deteriorados no parque de xogos de educación infantil e colocación de 3 novos xogos.
- Reposición de area no parque de xogos en educación infantil.
- Sustitución do areeiro da zona de xogos de educación infantil por pavimento sintético.
- Amaño das fendas existentes nos corredores en educación primaria.
- Amaños de fontanería nos dous edificios.
- Reparación de fugas no sistema de conducción de auga do sistema calefactor en dúas aulas.
- Sustitución total das tuberías de conducción de auga do sistema calefactor da planta baixa do edificio de educación primaria.
- Amaños de albanilería nalgunhas aulas e corredores.
- Sustitución da fechadura do local do ANPA.
- Reparación do portón corredizo de acceso ó patio de educación infantil.
- Pequenos amaños de electricidade: substitución de fluorescentes, limitadores de tensión, bombillas...
- Reparación e reposición de mallas na pista polideportiva exterior.

- Reparacións do pavimento da zona frontal do edificio de educación primaria.
- Reparación das balaustradas de aluminio para protección da zona de escaleiras no edificio de educación primaria.

Amaños feitos pola Xunta:

Instalación de novos puntos de acceso á rede no edificio de educación primaria para permitir a conexión wi-fi en tódalas dependencias, incluído o local do ANPA.

Dotación completa de mobiliario para unha unidade de educación primaria por incremento de unidades.

Estamos a espera de que se inicien as obras de construción do Patio Cuberto comprometidas para o período estival. Data prevista de inicio. 29-06-2009.

Quedan pendentes de solucionar as seguintes necesidades para dar solución ao incremento do alumnado

EN EDUCACIÓN INFANTIL

- 1 aula de igual tamaño que as restantes.
- 1 aula de psicomotricidade.
- 1 aula multiusos.
- 2 espazos para Relixión Evanxélica e Alternativa a Relixión.
- Reforma de servizos de profesorado e alumnado nas dúas plantas.
- Un espazo máis grande para a biblioteca.
- Sala de profesores máis grande.
- Saída de emerxencia e rotura de barreiras arquitectónicas.
- Ampliación do patio cuberto.
- Iluminación exterior.
- Comedor e espazo con calefacción e xogos para despois das comidas.

EN EDUCACIÓN PRIMARIA

- Cambio de servizos de profesorado e alumnado nas catro plantas
- Cambio da instalación eléctrica.

- Reposición do ascensor.
- Insonorización da aula de música e de A.L.
- División cun tabique dunha aula para Relixión Católica e Evanxélica.
- Subdivisión do espazo de secretaría para crear un novo despacho e apertura dunha ventá ao corredor para á atención ó público.
- Subdivisión da aula de apoio e compensatoria do edificio de educación primaria.
- Rotura de barreiras arquitectónicas en todo o centro (acceso ás pistas e dun centro a outro para minusválidos).
- Comunicación cunha pasarela cuberta entre os dous centros.
- Portas de seguridade antiincendios.

As peticións de reposición de equipamento e mobiliario realizaranse no mes de setembro, agás a petición da dotación completa dunha aula do terceiro ciclo de educación primaria por incremento dunha unidade en 6º curso. Tódalas peticións de equipamento realizadas anteriormente seguen vixentes ata que sexan recibidas no centro escolar, polo que non deben ser reiteradas.

SERVICIOS COMPLEMENTARIOS

A) TRANSPORTE ESCOLAR

Durante este curso utilizaron o servizo de transporte escolar da Consellería 21 alumnos-as de O Portiño.

SERVICIO DE COMEDOR ESCOLAR E PROGRAMA DE MADRUGADORES

Coma nos últimos anos a empresa Eurest, gracias ó convenio que mantén coa Federación de Anpas e o Concello, é a encargada de prestar o servizo de almorzos e tamén de comedor, xestionando os menús e o persoal. Os dous servizos supoñen un apoio importante á conciliación familiar e laboral de arredor dun 40% das familias dos nenos que acude ó centro.

Despois de ter acondicionado a aula de video a finais do curso anterior, durante este ano o comedor tivo dous espazos diferenciados para os nenos de infantil e os

de primaria. O servizo de madrugadores utilizou o espazo máis grande (destinado ó grupo de primaria) para tódolos nenos.

PROGRAMA DE MADRUGADORES

O Concello subvenciona unha parte do coste deste servizo, afectando o importe mensual que paga cada familia.

Durante este curso utilizaron este servizo un total de 70 nenos (producíndose 4 baixas ó longo do curso), un 46% pertencentes a educación infantil. Os nenos estiveron atendidos por 3 monitores, facendo un deles funcións de camareiro.

As modalidades ofertadas durante este ano foron: fixo mensual con e sin almorzo, esporádico (días soltos) e a turnos (dúas semanas ó mes). Os nenos que utilizaron o servizo nestas modalidades, no mesmo orde sinalado foron: 36, 17, 14 e 2. Así que principalmente se demanda o servizo mensual con ou sin almorzo, hai unha alta porcentaxe de esporádicos e a modalidade anteriormente demandada polas familias para atender necesidades de turnos laborais foi escasamente utilizada.

	INFANTIL			PRIMARIA					
Ano nac.	2005	2004	2003	2002	2001	2000	1999	1998	1997
Usuarios	10	11	12	9	5	9	4	6	4
TOTAIS	33			37					

Os principais problemas atopados durante a prestación deste servizo viñeron derivados de:

- incumplimento de compromisos horarios por parte das familias producíndose entradas a todas horas, atendidas polos monitores e permanecendo a miúdo a porta exterior do colexio aberta
- falta de coordinación do persoal para acompañar ós máis cativos ó comedor (subindo frecuentemente as familias por este motivo)
- baixas do persoal non cubertas por parte da empresa.

Cara a finais de curso foronse subsanando estas cuestión indicando ás familias as horas nas que se abriría a porta (cada 15 minutos durante o horario do servizo) e

subindo os nenos cativos en grupo cun monitor (tamén cada 15 minutos). A xestión das baixas de persoal segue sendo ineficaz por parte da empresa.

PROGRAMA DE COMEDOR

A Xunta subvenciona unha parte deste servizo, no curso escolar seguinte ó que se recibe o servizo.

O total de comensais ó longo do ano foi de 245, un 42% de educación infantil e un 58% de educación primaria. O servizo ofrece tres opcións: fixo mensual (98 usuarios), fixo discontinuo (42 usuarios) e esporádico (93 usuarios). A media de comensais diarios foi de 140. O persoal dividiuse entre os dous espazos do seguinte xeito: 3 monitores e 1 camareiro para o grupo de infantil e 4 monitores e 2 camareiros para o grupo de primaria.

-

Distribución por anos de nacemento:

	INFANTIL			PRIMARIA					
Ano nac.	2005	2004	2003	2002	2001	2000	1999	1998	1997
Usuarios	31	39	34	36	31	25	15	23	11
TOTALES	104			141					

Este ano, ó ampliar o espazo destinado ó servizo evitouse a situación anterior de dous turnos na que os nenos de 5 anos comían a segunda hora. Isto, engadido á diferenciación de espazo para infantil e primaria foi unha mellora especialmente para os máis cativos. A principal dificultade atopada con este grupo segue a ser a derivada do traslado das aulas ó comedor. A mediados de curso considerouse máis funcional e seguro que os nenos de infantil se trasladaran ó comedor unha vez rematada a saída dos nenos de primaria. Unha dificultade engadida foi a presenza dun neno con necesidades especiais sin que dispuxera dun apoio persoalizado. Abordouse o tema coa empresa e a Federación de Anpas pero non se chegou a acordo, indicándose que habería que pedir á Consellería de Educación esta figura de apoio. Este é un servizo non claramente regulado que haberá que xestionar o próximo curso.

Este foi un ano especialmente conflictivo no grupo de primaria. A mellora para o grupo de infantil supuxo unha certa perda para o grupo de primaria, inicialmente porque tamén se dividía o persoal, quedando a persoa con máis experiencia (a responsable) no comedor de infantil. Deste xeito o apoio que viña prestando ó resto de monitores viuse bastante mermado. O funcionamento do grupo en canto a

disciplina e orden foi moi deficitario nos primeiros tempos, presentándose diversos conflitos entre os nenos e os monitores (individualmente e tamén por grupos). Apareceron tamén conflitos entre o persoal que repercutían negativamente na atención ós menores. A isto houbo que sumar a mediados de curso a baixa laboral definitiva da responsable e a asunción por parte dunha das monitoras das súas funcións. Realizáronse distintas reunións tanto co persoal coma coa empresa e a dirección do centro e tamén coa Federación de Anpas para tentar reconducir unha situación de descontrol do grupo. Houbo algúns cambios de persoal e cara a finais de curso o funcionamento foi mellorando levemente. Engadidos á dificultade de manexo do grupo por parte dos monitores, producíronse outras irregularidades como falta do mantemento da temperatura da comida e limpeza deficitaria. A xestión de baixas é ineficaz tamén neste servizo.

Este ano modificouse o procedemento de entrega dos nenos ó remate do comedor. A entrada dos pais ó salón de usos múltiples provocaba bastante descontrol e unha perda de seguridade, polo que se empezou a realizar na porta de entrada ó colexio. Superada á resistencia inicial ó cambio por parte das familias, a entrega non resultou tan lenta como se esperaba e foi máis ordenada e segura. Botouse en falta maior implicación por parte dos monitores, acorde coa actitude xeral mostrada durante o resto do tempo do servizo.

Desde a Anpa e a dirección do colexio reclamamos á empresa unha mellor formación por parte dos monitores e unha maior atribución de funcións efectivas á responsable proposta pola empresa. Proporase unha normativa específica de funcionamento desde o centro que comprometa a usuarios, monitores e familias. A empresa a finais de curso promete un cambio para o curso próximo respecto ás competencias do responsable, pero descoñecemos actualmente como se van articular.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Este foi o décimo e último ano de implementación do **PROGRAMA DE LUDITARDE** no noso colexio. A progresiva diminución de usuarios no centro e a negativa por parte do Servizo Municipal de Educación a compartir espazos para a realización doutras actividades por parte da Anpa derivou en que se solicite para o próximo curso o programa de Deporte no Centro combinado con outra proposta de actividades extraescolares xestionadas pola Anpa mediante a contratación dunha empresa do sector de ocio e tempo libre.

A inscrición inicial neste programa foi de 66 nenos, 37 de infantil e 29 de primaria (que corresponde na súa maioría ós cursos de 1º e 2º). Producíronse 23 baixas (17 entre febreiro e marzo) de tal xeito que nos últimos meses do curso quedaban 43 nenos.

Distribución por anos de nacemento:

	INFANTIL			PRIMARIA					
Ano nac.	2005	2004	2003	2002	2001	2000	1999	1998	1997
Usuarios	8	17	12	11	8	5	3	2	0
TOTAL	37			29					

Por outra banda, mantívose o **PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS**. As actividades de fútbol-sala e baloncesto realizáronse no pabillóns de Cocheras. Este ano non se puido contar co pabellón do Calvo Sotelo porque iniciou o curso en obras. Así mesmo, continuouse coa realización da actividade de ximnasia rítmica no colexio (salón de usos múltiples e patio cuberto de infantil) en horario de 6 a 7 da tarde. Case 160 alumnos do centro participaron neste programa.

En fútbol sala e baloncesto participan nenos a partir de 6 anos, coa seguinte distribución:

	FUTBOL-SALA						BALONCESTO					
Ano nac.	1º	2º	3º	4º	5º	6º	1º	2º	3º	4º	5º	6º

Usuarios	8	13	12	8	9	1	2	11	16	3	1	11
TOTAL	51						44					

Os entrenamentos foron de unha hora semanal, excepto para o equipo de categoría alevín de baloncesto (dúas horas semanas) que gañou a Liga da Federación de Baloncesto. Este logro xustifica claramente (por se fixera falta) a demanda reiterada de máis horas de entrenamiento, que non podemos ofertar por inexistencia de instalacións. Esperamos que esta situación poida cambiar o próximo curso co remate do pabellón no colexio.

A única competición na que participaron este curso os equipos de fútbol foi o Trofeo de Calasanz. Non participaron da Liga da Federación debido á incompatibilidade de prazos entre a convocatoria para inscribirse na Federación e inscrición na actividade (orixinada pola tardía concesión de instalación). Tentaremos que non suceda esto no próximo curso. En baloncesto participaron nas competicións da Liga da Federación de Baloncesto e no Torneo Caixanova.

En ximnasia rítmica participan nenas a partir dos 3 anos. Este ano formáronse 3 grupos: 4-5 anos, 6 anos e 7-12 anos. Houbo que xuntar a nenas de 3 e 4 por falta de inscricións suficientes para conformar grupos por idade. Participaron en dúas exhibicións, unha organizada pola Anpa e outra por Axiga.

O feito de que só houbera 3 grupos de ximnasia rítmica permitiunos responder a unha demanda antiga de actividades para os nenos de infantil que non comprometeran toda as horas da semana (como Luditarde). Así propuxemos unha actividade de creatividade e predeporte no mes de xaneiro con dúas horas semanais de 6 a 7 da tarde. Participaron un total de 15 nenos. Posiblemente o inicio tardío da actividade incidiu na baixa inscrición. En calquera caso, esta experiencia permitiunos facer unha pequena valoración da operatividade da empresa para futuras actividades.

ANEXO I

PROXECTO LECTOR

I.- INTRODUCCIÓN

A lectura (xunto coa expresión oral e escrita) é un dos pilares básicos dos procesos educativos no que se apoian todas as demais aprendizaxes. É máis, poderíase dicir que a lectura é “a base de todo o ensino”. A súa importancia está recollida na lexislación actual nos seguintes termos:

Lei Orgánica de Educación (BOE 04/05/06)

Artigo 17. Obxectivos da Educación Primaria.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua castelá e, se a houber, a lingua cooficial da Comunidade Autónoma e desenvolver hábitos de lectura.

Artigo 19. Principios pedagóxicos.

2. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores traballarase en todas as áreas.

3. A fin de fomentar o hábito da lectura dedicarase un tempo diario á mesma.

Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 3º.-Obxectivos da Educación Primaria (DOG 09/07/07)

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.

Artigo 6º.- Áreas de coñecemento.

3. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunha das áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación e a educación en valores traballarase en todas as áreas.

4. Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán un proxecto lector que se axustará ás liñas básicas que se publican como anexo IV ao presente decreto, asegurándose como mínimo media hora diaria.

ANEXO IV

Proxecto lector de centro

Co fin de facilitar a consecución dos obxectivos que a Lei orgánica de educación e a Comunidade Autónoma de Galicia sinalan para as etapas de ensino obrigatorio, os centros educativos deberán elaborar e incluír nos seus proxectos educativos de centro, proxectos lectores que integren todas as actuacións do centro destinadas ao fomento da lectura e da escritura e á adquisición das competencias básicas.

O proxecto lector de centro será un documento deseñado para desenvolver a medio prazo en que, a partir da análise do contexto en materia de lectura, se articulen todas as intervencións que se van realizar non centro en relación coa lectura, a escritura e as habilidades informativas, coa participación do profesorado das distintas áreas, materias e ciclos, incorporando a biblioteca escolar e as bibliotecas de aula como recursos fundamentais para a súa posta en marcha. O proxecto lector de centro será a referencia para a elaboración de programas ou Plans Anuais de Lectura, que se incluírán na Programación Xeral Anual. O seu deseño e posta en marcha son competencia de todo o equipo docente e estarán coordinados preferentemente pola persoa responsable da biblioteca escolar.

Para a consecución dos devanditos obxectivos, os centros educativos deberán tomar decisións consensuadas que permitan:

- * A existencia dunha biblioteca escolar como centro de recursos da información, da lectura e da aprendizaxe, dinamizadora da actividade educativa e da vida cultural do centro.
- * A integración das fontes informativas, en calquera soporte (impreso ou electrónico) no tratamento dos contidos curriculares.

* A formación de lectores e de lectoras competentes e a creación e consolidación do hábito de lectura.

* O desenvolvemento de actitudes favorables á lectura mediante a creación de ambientes lectores, entre outras estratexias.

* O funcionamento da biblioteca escolar como factor de compensación social.

Fundamentos.

O plan anual de lectura e o proxecto lector de centro garantirán a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.

Con esta finalidade, empregaranse cun enfoque funcional as distintas tecnoloxías da comunicación e da información ao alcance do alumnado, para incidir en aspectos específicos destes soportes e linguaxes de cara a unha utilización eficaz, comprensiva e ética deles.

A formación da lectura comprensiva exige, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado. Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.

Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión. Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

O profesorado de todas e cada unha das áreas e materias de todos os niveis educativos, incluírá nas súas programacións as actividades previstas no proxecto segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura.

Seguimento e avaliación.

Realizarase unha avaliación continuada dos avances ou dificultades da posta en marcha do proxecto e das súas concrecións nos plans anuais de lectura.

Para a avaliación de aspectos relacionados co hábito lector teranse en conta non só os índices de lectura, senón tamén a capacidade do alumnado para avanzar na súa competencia literaria e ser quen de se enfrontar a textos cada vez máis complexos, así como a súa actitude diante da lectura como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal.

Orde do 17 de xullo de 2007 pola que se regula a percepción da compoñente singular do complemento específico por función titorial e outras funcións docentes (DOG24/07/2007).

Artigo 9º.-Definición da dinamización de biblioteca.

A biblioteca escolar é un recurso educativo imprescindible para a consecución dos obxectivos educativos en todas as áreas. Facilita o acceso aos recursos informativos e culturais necesarios nos procesos de ensino e aprendizaxe, favorece un uso contextualizado das tecnoloxías da comunicación e da información e resulta imprescindible para a capacitación e o fomento da lectura, de todo tipo de textos, en todo tipo de soportes.

Artigo 10º.-Funcións da dinamización de biblioteca.

En colaboración co profesorado de apoio, serán as seguintes:

1. Elaborar, en colaboración co profesorado de apoio, o proxecto anual de biblioteca escolar e a memoria final.
2. Coordinar, seguindo as directrices da consellería, a elaboración e posta en práctica do proxecto lector de centro, coa participación de todo o profesorado.
3. Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
4. Informar ao claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.

5. Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
6. Definir os criterios para o préstamo e atender ao servizo xunto co equipo de apoio.
7. Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos.
8. Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.
9. Representar ao equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
10. Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica sobre bibliotecas escolares.

CONCEPTO DE BIBLIOTECA ESCOLAR:

Dende hai uns anos, o tema das B.E. concitou a atención de moitas e variadas instancias. Dende que a UNESCO, en 1979, elaborara un manifesto chamando a atención sobre a importancia destas nunha educación de calidade, ata a reforma do ensino no noso país, todos consideran ás B.E., na actualidade, como un recurso imprescindible para lograr o obxectivo prioritario de todo sistema educativo: “aprender a aprender” (UNESCO, 1980).

Durante os derradeiros vinte anos, moitos organismos, institucións e estudiosos do tema profundizaron e investigaron sobre o papel das B.E. Na actualidade todos coinciden sobre o que son e para que sirven.

É por isto que a B.E. se define como un **centro de recursos, interconectado con outras institucións a través de redes informáticas e constituídos por unha colección de libros e outros documentos impresos, audiovisuais e informáticos, convenientemente organizados en relación á súa utilización; é decir, para servir a unha demanda xeral ou específica de lectura, cuns fins de formación, cultura, información e ocio.**

Para que a B.E. acade todos estes obxectivos ten que funcionar:

Como un centro de información e documentación, integrado no proxecto educativo, curricular do centro e do proxecto lector. Debe facilitar ao alumnado e ao profesorado a información que necesiten nos procesos de ensino e aprendizaxe. Toda B.E. necesita pór ao alcance de todos unha colección de fontes documentais actualizada, suficiente e informatizada. Ao estar conectada con Internet, facilita o acceso a fontes externas, a orientación no uso dos distintos recursos, e a contibución no desenvolvemento dos hábitos e destrezas que necesitan o alumnado nesta actual sociedade da información.

É tamén función das B.E. estimular programas para fomentar unha lectura comprensiva e crítica, que facilite a selección da información e a adquisición de técnicas e hábitos de traballo intelectual e autonomía na aprendizaxe.

Como un centro de lectura, na que se concibe como a apertura ao coñecemento doutras xentes, mundo e cultura, e como unha ferramenta para a adquisición dos máis variados coñecementos e como fonte de pracer, poñendo para todos/as os materiais necesarios: libros de ficción, de información, audiovisuais, e Internet, e posibilitando o libre acceso aos mesmos.

Como un centro de actividades educativas e culturais en relación ao libro, colaborando nas actividades nas que se lle pida axuda e organizando outras (exposicións, debates, audicións, encontros con autores,...) que axuden a fomentar a creatividade e a expresión e desenvolvan hábitos de comportamento e culturais para o uso creativo do ocio e tempo libre.

Deste xeito, a B.E. contribuirá á adquisición por parte do alumnado, dos obxectivos xerais da educación. Ademáis dos obxectivos académicos, deberá prestar unha especial atención á diversidade, ao acceso de todos os nenos/as á cultura e ao desenvolvemento dos contidos transversais

A B.E. funcionará como un axente que pode contribuir moito a facer realidade unha igualdade de oportunidades e a paliar necesidades culturais que poida haber no entorno socio-cultural no que o centro educativo se ubica.

II.- ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL

1. Espacio físico.

A biblioteca está ubicada nun espacio de 87,10 metros cuadrados (13,40 m. x 6.50 m.), situada na planta baixa do centro, moi próxima á entrada principal do edificio de Educación Primaria.

Conta con dúas portas de acceso ao interior. É unha estancia ampla e luminosa, con seis fiestras grandes que dan ao patio de entrada.

A sala ten diferenciados os seguintes espacios: Á dereita da porta de entrada, ao fondo e fronte ás fiestras, en forma de L, sitúanse as estanterías de libros informativos e as dedicadas ao alumnado de maior idade. Diante destas fiestras están ubicadas mesas con 4 ordenadores, un ordenador portátil e o canon de proxección.

Entre as estanterías e as mesas dos ordenadores sitúanse mesas e cadeiras , cun total de 25 postos que se utilizan para lectura, consulta, realización de traballos,...

Na parte central está situada unha mesa co ordenador no que se ubica o programa informático de xestión.

Fronte a porta da entrada está ubicado o recuncho dos pequenos, co chan forrado de corcho e con estanterías para os libros desde os tres aos nove anos, un perchero, un carro con rodas cheo de contos e dous expositores para colocar as novidades.

As paredes están cubertas de carteis, murais (nun corcho grande, adosado á parede), móbiles e adornos varios.

O chan é dun material plástico que imita á madeira.

2. Equipamento e recursos.

Estanterías: Na B.E. hai 15 estanterías altas e 16 estanterías máis baixas.

Mesas e cadeiras: 7 mesas de madeira de diferentes tamaños, unha mesa de oficina, 1 mostrador, 2 cabinas de ordenador, unha mesa de rodas, 29 cadeiras, 1 cadeira xiratoria e un conxunto de mesiña pequena con cadeiras en plástico de cores.

Armarios: 1 armario longo e estreito integrado nas estanterías e 5 armarios pequenos.

Caixóns de rodas: 1 caixón grande e 3 pequenos.

Baúl: Un de madeira, empregado para gardar os libros novos que aínda están sen catalogar.

Expositores: 2 expositores altos e 1 máis baixo.

Ordenadores: 5 ordenadores, dos cales un é portátil.

Canon de proxección

Pantalla de proxección

Lector de código de barras

Programa informático: MEIGA 3.0.

Material de oficina para realizar o traballo técnico de biblioteca (“tejuelos”, forro, etiquetas, papel, carnets,...)

3. Organización, rexistro, catalogación, informatización e programa informático empregado.

Os fondos seguen a clasificación da C.D.U., agás no número 8, onde seguimos a adaptación realizada pola Fundación Germán Sánchez Ruipérez (para os documentos de idades comprendidas dende os tres aos quince anos) e proporcionada pola Biblioteca Municipal Infantil de Durán Loriga, de A Coruña.

Case todos os fondos están informatizados. A informatización deles iniciouse no ano 1999 mediante a aplicación informática para bibliotecas escolares ABIES. Posteriormente no curso 2006-07 procedeuse á substitución deste programa polo MEIGA 3.0

Con data de xuño de 2009 contamos con 9500 rexistros bibliográficos.

4. Orzamento anual específico para a B.E.

O orzamento anual específico para a B.E. supón o dez por cento do orzamento total da Consellería de Educación.

5. Actividades de fomento da lectura levadas a cabo.

A B.E. do CEIP Emilia Pardo Bazán non parte de cero. Son moitos os profesores/as que, ao longo de todos os anos de funcionamento do centro, (xa dende a súa inauguración, hai case 30 anos, contou cunha biblioteca moi utilizada) se esforzaron por levar adiante a ilusión pola lectura, a través dunha B.E. que ofrecera a maior variedade de libros posible.

Máis foi no curso 1989-1990 cando a B.E. deu un salto cualitativo ao iniciarse o

- ❖ “Plan Experimental de Bibliotecas Escolares abertas aos Barrios”, un plan promovido polas AMPAS de centro públicos coa colaboración do Concello de A Coruña e as Concellerías de Educación e Cultura.

Este Plan aportou recursos humanos e materiais para a B.E., que, deseguida empezou a dar os seus froitos, cun aumento permanente de alumnado que acude á B.E. polas tardes para consultar, ler, facer os deberes, levarse en empréstimo un libro,... e un variado abano de actividades, dinamizadas todas elas por unha bibliotecaria enviada polo Concello que acadou un gran éxito de participación.

- ❖ Programa Municipal de Promoción de Bibliotecas Escolares. Iniciado no curso 1998-1999, continuou ata o curso 2005-06.
- ❖ Programa “Biblioteca-Escuela” de la Fundación Bertelsmann. Iniciado tamén no curso 1998-1999, no que participou o Centro ao longo de varios cursos.

- ❖ Plan de Lectura Silenciosa Sostida. Comenzou no curso 2002-03 e continúa na actualidade.

- ❖ PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares). Dende o 1º PLAMBE (curso 2005-06) o noso Centro participou ao longo de 4 cursos nos que a B.E. recibiu unha cuantiosa dotación económica que permitiu mellorar as instalacións, mercar equipos informáticos, mobiliario e adquirir máis fondos.

III.- OBXECTIVOS

- Incluir no proxecto educativo, nas programacións didácticas e na programación xeral anual a idea da necesidade da lectura, dedicándolle á mesma os recursos materiais e personais que requira.
- Implicar a todo o profesorado do Centro para continuar co programa de lectura que xa levamos aplicando dende hai varios cursos.
- Erradicar na medida do posible dificultades lectoras que afastan aos alumnos da lectura.
- Mellorar a capacidade lectora do alumnado, non só a nivel mecánico, senón tamen a nivel de comprensión lectora, desenvolvendo o hábito lector.
- Favorecer o gusto pola lectura como alternativa de lecer e como recurso para o desenvolvemento intelectual e cultural.
- Informar ás familias da necesidade da lectura e implicalas no proxecto lector.
- Dinamizar as bibliotecas de aula e de Centro a través de actividades atraintes.
- Fomentar o uso das bibliotecas como instrumento de lecer e recurso para “aprender a aprender”.

- Realizar actividades de animación lectora na medida das posibilidades que se teñan cada curso.
- Favorecer o uso dos recursos informáticos e internet para a obtención de información.
- Establecer frecuentes utilizacións dos recursos bibliotecarios para o traballo cotián da aula nas tarefas propostas.
- Realizar o mantemento dos recursos da B.E. por parte da comisión de biblioteca, así como manter unha relación fluída coas bibliotecas escolares e municipais da localidade.
- Coordinar desde as distintas actividades de aprendizaxe a dedicación dun tempo de media hora diaria á lectura.
- Continuar co P. L. S. S. que xa levamos aplicando dende hai varios cursos.

IV.- ÁMBITOS

1. Plan de Lectura Silenciosa Sostida

Existía, dende hai tempo no noso Colexio, unha notable inqueda e sensibilización polo nivel de competencia lectora do noso alumnado.

¿Cómo conseguir que sexan mellores lectores e que ademáis disfruten coa lectura?

Durante o curso 2001-2002, debatimos, sobre este tema, por ciclos, analizando as dificultades observadas en cada un deles, para, a continuación, elaborar “unhas propostas de millora”.

As propostas de cada ciclo facían referencia ás dificultades observadas no alumnado, pero tamén se indicaban actividades que funcionaban en cada grupo de idade. Ao analizar as propostas, decatámonos de que había moita variedade entre os distintos ciclos e que compría concretar aínda máis, polo que se

elaboraron unhas “medidas concretas” para millorar a competencia lectora do alumnado, por parte do profesorado e coa colaboración das familias.

Buscando por Internet, atopamos unha páxina titulada “Programa de Lectura Silenciosa Sostenida”, onde se explicaba que estaba a ser aplicado, dende hai case vinte anos, en varios países, como Estados Unidos, Canadá, e que foi descrito por Mabel Conde Marín, en Chile.

No curso 2002-2003 e, por decisión do Claustro, púxose en práctica este proxecto.

Todos os días, de 12h. a 12,20h, inmediatamente despois do recreo, todo o Centro le en silencio un libro da súa elección, escollido na biblioteca de aula ou traído da súa casa, “sen pedir nada a cambio”.

Lévanse a cabo avaliacións periódicas na Comisión Pedagóxica e, polo de agora, as valoracións son moi positivas.

Co tempo, vanse introducindo nalgunhas aulas modificacións, como por exemplo, a lectura colectiva no terceiro ciclo, que van flexibilizando, enriquecendo e axustando o proxecto aos lectores.

2. Equipos de Ciclo: media hora de lectura diaria

Os equipos de Ciclo terán as seguintes competencias:

- Coordinar as actuacións para que en cada Ciclo se completen os 10 minutos de lectura restantes que completan o P.L.S.S. e determinar de que xeito e cando..
- Participar no deseño e elaboración do Plan Anual de Lectura e coordinarse entre os Ciclos.
- Aproveitar os recursos que ten a B.E. para a consecución dos obxectivos de Ciclo.
- Incorporar a biblioteca como elemento didáctico ás súas actividades de aula nos campos de comprensión lectora e animación á lectura, escritura, formación de usuario, etc. ...reflectíndoo nas programacións de área e ciclo.

- Participar nas accións de Centro e B.E. que favorezan a consecución dos obxectivos do P.L.
- Formarse e avaliar a incidencia da súa formación na práctica docente.
- Intercambiar materiais e experiencias cos compañeiros, cara a suxestións e propostas de mellora do P.L.
- Participar nos equipos de apoio bibliotecario.

3. Equipo de Biblioteca

Encargarase de:

- Colaborar na elaboración do deseño, seguimento e avaliación do plan anual de lectura e do proxecto lector.
- Colaborar na elaboración e desenvolvemento das actividades que leve a cabo a B.E. e na xestión do seu funcionamento diario.
- Establecer criterios de tipo pedagóxico na selección de materiais, actividades,... que teñan que ver coa súa función na B.E.

4. Responsable da B.E.

A persoa responsable da B.E. desenvolverá as seguintes funcións:

- Elaborar, en colaboración co profesorado de apoio, o plan anual de B.E e a memoria final.
- Coordinar a elaboración e posta en práctica do P.L. do Centro, coa participación de todo o profesorado.
- Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, catalogar,...).
- Informar ao Claustro das actividades da B.E. e integrar as súas suxestións.

- Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
- Definir os criterios para o préstamo e atender ao servizo xunto co equipo de apoio.
- Coordinar o equipo de apoio a B. E.
- Representar ao equipo de B. E. na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Para iso, deberá ter un horario non inferior a seis horas lectivas, entre 6 e 10 sesións sendo este tempo respectado e considerado como de traballo directo co alumnado.

5. As familias

Animarase ás familias (a través das reunións colectivas que se realizan con elas ou das individuais) para que colaboren na consecución do obxectivo de facer lectores pois a súa axuda é fundamental para o éxito desta empresa.

Explicaráselles que estamos facendo, con que fin, como o levamos a cabo e cal pode ser a súa colaboración en casa. Tratarase de convencelos das vantaxes que reporta o hábito lector aos seus fillos, cales son os tipos de lectura máis recomendadas para cada idade, que accións facilitan o achegamento á lectura,...

V.- ACTIVIDADES

Cada curso concretaranse no Plan Anual de Lectura as actividades encamiñadas a conseguir os obxectivos do Plan Lector.

VI.- AVALIACIÓN

Ao final de cada curso realizarase unha avaliación por ciclos nas que se informará dos avances ou dificultades atopadas.

ANEXO II

PLAN DE CONVIVENCIA ESCOLAR

1.Introducción e Xustificación do plan

“A mellora da convivencia é prioritaria para toda a sociedade, e en especial para o campo educativo. Debemos lembrar que a educación se concibe como un instrumento de mellora da condición humana e da vida colectiva.

Facendo un pouco de historia, é sorprendente constatar como a educación, en cada fase da súa evolución, vai facendo fronte aos distintos retos que se lle van presentando: educar para toda a sociedade; educar máis e mellor, por máis tempo, buscando unhas metas cada vez máis ambiciosas para toda a mocidade.

Na actualidade, o gran reto preséntase dentro da cultura de paz e da educación nos valores que permitan facer dos centros escolares, lugares onde a convivencia e a xestión pacífica dos posibles conflitos estea plenamente integrada, non só no facer diario do profesorado e do alumnado, senón, e sobre todo, nos patróns básicos de comportamento da cidadanía do futuro.

Aprender a convivir forma parte das finalidades básicas da educación e constiúe un dos principais desafíos dos sistemas educativos actuais na procura de sociedades máis xustas , democráticas, e máis igualitarias, cohesionadas e pacíficas.

A educación para a convivencia responde á necesidade de formar unha cidadanía preparada para desenvolver a súa vida respectándose a si mesma e aás demais persoas e responsabilizándose dos seus actos. A presenza no currículo da nova materia de “ educación para a cidadanía” e os “dereitos humanos”, con entidade propia, non nos libera da responsabilidade profesional de formar ao noso alumnado dun xeito comprensivo, harmónico e integral.

Os centros educativos son espazos onde compartir vivencias xuntos, iso é a convivencia. Cando nun centro xorden problemas de convivencia, todas as persoas da comunidade educativa deben ser parte da súa solución.

O Plan de Convivencia de cada Centro educativo debe propiciar sempre cambios positivos nos modelos de organización escolar, nos currículos, no profesorado, na formación permanente do mesmo, no alumnado, nas relacións coas familias, é dicir, no contexto dos centros escolares.

Para elaborar o Plan de Convivencia, o Centro escolar ten que coñecer o máis fondo posible a súa realidade de partida, e a partir de ésta, ir artellando as nosas propias accións de mellora, como un aspecto relevante do PEC. e do PAT.

Asimesmo, o labor titorial segue a ser imprescindible na aulas, contando co profesorado especialista.

Hai que ter en conta que sobre o primeiro “Plan de Convivencia” elaborado polo Centro escolar, iranse apoiando os sucesivos plans de mellora da convivencia.

No plan de Convivencia se indican dous ámbitos de actuación:

A cultura escolar e a colaboración Interinstitucional.

A Cultura Escolar é un dos elementos máis determinantes nun proxecto de mellora da convivencia escolar. Para transformar a maneira en que a comunidade educativa percibe, sente ,comparte e se compromete nos procesos de elaboración democrática de normas e na resolución pacífica de conflitos, requírese da formación, da implicación e da coordinación do alumnado, do profesorado e das familias.

A colaboración interinsititucional é fundamental nun proceso de cambio. O profesorado e as familias, séntense, ás veces, moi sós fronte aos conflitos de

convivencia, especialmente naqueles casos en que sobrepasan o ámbito do contexto escolar e requiren de outro tipo de intervención, sobre todo do ámbito municipal, para contribuir a unha intervención integral.

A través do Plan de Convivencia, os centros serán espazos concebidos para previr e ou transformar o conflito social, se o hubiere, para ser uns lugares onde fomentar unha cultura de paz e onde se oferte unha educación de calidade e equidade.”

2. FASES DO TRABALLO

2.1. Constitución do Observatorio da Convivencia Escolar según o decreto que regula a súa creación. O observatorio constituíuse no curso 2007-2008.

2.2. Avaliación inicial:

Detección da problemática relacionada coa convivencia no noso centro, se procede, análise dos problemas e adopción de medidas por consenso.

Elabórase unha enquisa para coñecer os problemas de convivencia, que se centraron no tempo de recreo.

Despóis de observar e analizar, elabórase un documento para o centro con suxerencias para poñelo en marcha durante o curso que ven.

No mes de maio, reúñuse o observatorio de convivencia, para comentar os resultados de todo o proceso de avaliación inicial feito e as suxerencias indicadas.

Asimesmo, houbo intervencións por parte dos asistentes. O dous alumnos presentes, puxeron sobre a mesa, iniciativas a ter en conta.

2.3. Elaboración e posta en práctica do plan: O curso que ven poñeráse en marcha o “Plan de convivencia” no centro, xunto aos outros documentos xa elaborados e postos en marcha (PEC, PAT, e P.X.A).

3. Estrutura

Observatorio da Convivencia do Centro:

3.1.Definición: "Un órgano colexiado para reflexionar e investigar en relación co estado de convivencia no centro e deseñar estratexias que se deberán adoptar para o fomento da cultura de paz e para mellorar o clima de convivencia escolar".

3.2.Composición:

O director do Centro como presidente.

O Xefe de estudos.

De un a catro representantes do profesorado, incluída a persoa responsable da mediación escolar.

A orientadora.

Unha persoa representante do alumnado.

Unha persoa representante das familias.

A persoa encargada dos programas de coeducación.

Unha persoa representante do persoal non docente.

Titores/as relacionados co tema a tratar en cada sesión.

Profesionais do Concello (Educación, Sanidade, Servizos Sociais,, implicados na mellora da convivencia.

3.3.Atribucións:

Dinamizar o plan de convivencia do centro.

Elaborar un informe anual da análise da convivencia .

Informar trimestralmente ao Consello Escolar.

Coordinar as actuacións conxuntas dos ámbitos implicados e relacionados coa mellora do clima de convivencia.

Propoñerlle á Administración educativa as medidas oportunas para a mellora da convivencia.

Contextualización e Avaliación Inicial:

A partir do observatorio da convivencia do centro.

PLAN DE CONVIVENCIA

OBXECTIVOS:

Fomentar a responsabilidade social comprometida dentro da comunidade escolar, de xeito que poidan producirse cambios efectivos, empregando un enfoque global do centro educativo.

Intentar equipar ao alumnado e a o profesorado con estratexias axeitadas que les permitan vivir nun entorno de aprendizaxe seguro e acolledor para todos.

Traballar para infundir no alumnado un sentido de empatía hacia aqueles compañeiros /as que poden sufrir insultos, , soedade, malos tratos, para que as medidas que se adopten, lles aporten un clima de seguridade e de sensibilidade que poida axudarlle a recuperarse e seguir adiante.

Algunhas posibilidades de traballo: (A debatir e consensuar entre o profesorado.)

Análise e clarificación dos conceptos, en relación á convivencia do centro.

Formación do profesorado na temática: Que hai e que se necesita. Vías para satisfacer as necesidades detectadas.

Habilidades comunicativas e de relación: a Linguaxe asertiva.

Análise dos problemas que existen na comunidade educativa (alumnado, familias e profesorado).

Liñas de colaboración con outras institucións: concello (servizos sociais), sanidade (centros de saúde, saúde mental, xustiza defensa dos menores,, ONG.

Análise das causas e das consecuencias dos problemas detectados.

Accións ou propostas para mellorar a convivencia dende a perspectiva do alumnado, o profesorado e as familias.

Accións ou propostas para que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e de práctica de convivencia.

Accións ou propostas para mellorar o clima escolar.

Elaboración consensuada de normas de convivencia de aula e de centro.

Propostas para mellorar a convivencia nos distintos espazos do centro: Especial atención: aos accesos, patios de recreo, zona de xogo, servizos, así como os momentos de maior actividade: entradas, saídas, cambios de clase,...

Elaboración de protocolos de actuación de notificación e de actuación diante das distintas alteracións da convivencia: conductas disruptivas, agresións verbais, acoso escolar,....

Vías de sistematización do traballo da convivencia. Revisión e adaptación dos documentos de organización e de xestión.

Constitución de equipos de tratamento e de mediación nos centros, equipos integrados por persoas representantes dos distintos sectores da comunidade: formación, posta en marcha e mantemento do equipo.

Mellora da comunicación e coordinación Inter e intrasectorial: profesorado, alumnado e familias.

Cando un centro escolar traballa co alumnado, ten que partir da premisa de que non hai respostas correctas nin erróneas, pero si hai moitas posibilidades e solucións para crear e construír unha institución segura para todos.

Cando se traballa co alumnado, éste aprende a examinar valores, creencias, actitudes e boas prácticas en relación co acoso para que se transformen nunha práctica óptima común.

Resultados de Aprendizaxe:

Os resultados e accións seguintes forman parte vital e inevitable dun estorno escolar seguro:

Alumnos e alumnas serán capaces de:

Comprometerse a informar de xeito responsable cando sexan testigos dunha inxusticia ou a sufran.

Identificar a conducta de acoso.

Amosar un repertorio de estratexias de dirección autónoma.

Fomentar a capacidade de recuperación, de xeito que non pensen como vítimas.

Sentir empatía respecto aos membros da comunidade escolar convertidos en acosados e iniciar accións protectoras e afectuosas.

Profesores e profesoras serán capaces de:

Aceptar que a redución do acoso é unha responsabilidade compartida dentro da escola.

Implementar estratexias de prevención e intervención que impliquen a todo o centro educativo, estudiando posibilidades e solucións en colaboración con outras persoas da comunidade escolar.

Preparar ao alumnado para que afronte o conflito de xeito construtivo.

Crear oportunidades para que alumnado desenvolva unha conciencia social e sexan capaces de actuar de acordo con ela cando se presente a ocasión.

Expectativas:

Cando o profesorado dun centro escolar é un equipo comprometido contra o acoso escolar, unhas expectativas dos ensinantes poden ser:

O aumento do número de testigos ocasionais que actúen con iniciativa.

O incremento do número de alumnos/as que se sinten cómodos e seguros para comentarlle a un adulto un incidente de acoso.

Unha gran porcentaxe de alumnado que pensa que o seu colexio mantén unha postura activa en contra do acoso.

A diminución do número de alumnado acosado.

O aumenta da moral do profesorado pola coherencia de todos os membros do centro no cumprimento da normativa e os procedementos establecidos.

Tendo en conta o marco xeral do Plan de Convivencia, cada curso, o claustro de profesores/as elaborará un plan anual de convivencia para o centro.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS:

Consellería de Educación e ordenación universitaria: (2001): A convivencia nos centros escolares como factor de calidade. Suxestións e propostas de mellora. Santiago de Compostela. Xunta de Galicia.

Plan de Convivencia do centro (20079. A Coruña. Edita A Xunta de Galicia.

SUCKLING, A, e TEMPLE, C. (2006): Herramientas contra o acoso escolar. Un enfoque integral. Madrid. Ministerio de Educación e Ciencia e edicións Morata.

ANEXO III

PLAN DAS TECNOLOXÍAS DA INFOMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC)

1. INTRODUCCIÓN

1.1. AS TIC NO CONTEXTO SOCIAL

1.2. AS TIC NA EDUCACIÓN

2. O NOSO CENTRO

2.1.- Presentación do Centro

2.2.- Medios informáticos

Edificio de Primaria

Edificio de Infantil

2.3.- Programas

2.4.- Formación do profesorado

Actividades realizadas

2.5.- Atención á diversidade: etnias, inmigración, zonas marxinais e utilización do ordenador

3. OBXECTIVOS XERAIS

3.1.- Obxectivos xerais do Centro en relación ás TIC

3.2.- Obxectivos para o alumnado

3.3.- Obxectivos para o profesorado

3.4.- Obxectivos para a Comunidade Educativa

4. ORGANIZACIÓN

4.1.- Persoal

Coordinador/a

Grupo de Traballo / Seminario Permanente do Profesorado

Persoal para traballar coas TIC

Formación do profesorado

4.2.- Ordenadores. A súa utilización. Sala de ordenadores

4.3.- Organización do alumnado

4.4.- Horario

4.5.- Material informático

5. METODOLOXÍA

5.1.- Xeral

5.2.- Antes de ir á aula

5.3.- Na aula TIC

5.4.- Despois

6. CONTIDOS

7. PLAN DE AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

1.1.- AS TIC NO CONTEXTO SOCIAL

O desenvolvemento constante das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) está producindo transformacións nas formas de producir, vivir e comunicar. Estamos nunha nova Sociedade da Información e do Coñecemento, na que as TIC están presentes en tódolos ámbitos económicos e sociais. O constante desenvolvemento das TIC, está producindo transformacións na sociedade das que é xa imposible permanecer ó marxe.

As TIC e en especial Internet desenvólvense e incorpóranse á vida dos cidadáns a unha velocidade vertixinosa. Os efectos que Internet e as súas múltiples aplicacións teñen na vida dos cidadáns, das empresas, das institucións e dos gobernos manifestouse en menos dunha década. Mudaron as formas de organizarse, de traballar e incluso de divertirse. Configurouse unha nova sociedade, a “Sociedade da Información e do Coñecemento”.

1.2.- AS TIC NA EDUCACIÓN

A implantación das TIC en tódolos ámbitos da sociedade vai medrando, e xa é unha realidade, de tal xeiro que ninguén pode nin debe quedarse ao marxe das posibilidades e potencialidades que estos recursos nos ofrecen. A Sociedade da Información ofrece unilimitado potencial para promover a igualdade de oportunidades para tódals dimensións da vida dos cidadáns.

Ante esta situación, cabe pensar cal foi o efecto das “Novas Tecnoloxías” na educación. A simple vista, parece que o impacto producido foi menor que noutros ámbitos e que, nesta ocasión, a educación non cumpriu co seu tradicional papel de cadena de transmisión e de efecto multiplicador. Pero se facemos unha reflexión máis profunda veremos que o que sucede é que existe un gran retraso debido ós cambios que implica a integración das TIC na educación. Os cambios necesarios non supoñen só invertir en equipamento e en formación, senón que tamén supoñen un cambio de actitude e de mentalidade.

Incorporar as TIC á educación non é únicamente un desafío, senón que se trata, dunha necesidade para que a xuventude poida integrarse e desenvolverse sen problemas dentro da sociedade actual.

O noso alumnado non debe quedar do lado desfavorecido da chamada “brecha dixital” pero o colectivo de profesores e profesoras tampouco. Debemos tomar como lema para o proceso de ensinanza-aprendizaxe a seguinte afirmación:

Aprender e ensinar con TIC = Instrumento cognitivo

Para acadar un correcto itinerario formativo no alumnado debemos conseguir unha mínima alfabetización informática e ademais debemos utilizar as TIC como un instrumento de produción de xeito individual e razoada.

2. O NOSO CENTRO

2.1.- Presentación do Centro

O Colexio Emilia Pardo Bazán está situado no barrio de Labañou-Los Rosales, unha barriada composta por familias de clase media e media-alta e onde hai poboación obreira pertencente ao barrio de Labañou, pero tamén un número apreciable de empresarios individuais e traballadores independentes da industria e servicios.

A matrícula actual ascende a 617 alumnos/as de Infantil e Primaria, distribuídos en 17 grupos de Primaria e 9 unidades de Educación Infantil. A plantilla do Centro está composta por 43 mestres/as, un auxiliar administrativo, unha coidadora e unha conserxe.

As aulas son suficientes para a matrícula e poboación no referente ao edificio de educación primaria. O edificio de educación infantil está saturado, xa que foi creado para albergar 6 aulas e na actualidade funcionan 9 unidades. As instalacións deportivas, pechadas, son insuficientes para un centro destas dimensións, o que obriga a utilizar o exterior cando a climatoloxía o permite.

Temos espazos dispoñibles para biblioteca, salón de Usos Múltiples, educación musical, aulas de informática, aulas de inglés, aulas de apoio para audición e linguaxe, educación compensatoria e pedagogía terapéutica, así como despachos para Dirección, Secretaría, Sala de Profesores e Departamento de Orientación.

Contamos con Comedor Escolar distribuído en 2 estancias: Comedor de infantil (50-60 prazas) e comedor de primaria (100-110 prazas).

O noso colexio consta de dous edificios, cunha separación física notable:

- Un edificio no que se imparte o 2º ciclo de Educación Infantil.
- Un edificio no que se imparte Educación Primaria.

2.2.- Medios informáticos

Ordenadores e instalacións.

O colexio dispón dos seguintes espazos informáticos:

Edificio de Primaria

- Unha aula con 25 ordenadores conectados en rede e con conexión a Internet a través dunha liña

ADSL. Neste espazo contamos co seguinte equipamento: unha impresora a cor, un escaner, un reprodutor DVD e un conxunto de pantalla interactiva + videoproxector + ordenador portátil.

- Unha aula con 13 ordenadores tipo NC e un ordenador central que actúa como servidor, con impresora a cor e un escaner, todos eles conectados a internet e dependentes da rede educativa do Concello da Coruña.

Dispoñemos dun equipamiento móbil no 2º andar cunha T.V. de cor, un video e un reprodutor de DVD.

- As aulas de inglés contan cun equipo móbil composto por un ordenador portátil e un videoproxector.

- Na aula de educación musical hai un ordenador portátil.

- Biblioteca con 4 ordenadores conectados en rede e con conexión a Internet a través dunha liña ADSL, con impresora laser monocromo. Hai un ordenador adicado á xestión da biblioteca. Tamén existe un equipo móbil cun ordenador portátil + videoproxector con reprodutor DVD incorporado que permite proxectar na pantalla existente na biblioteca ou en outras dependencias do centro.

- Sala de profesorado con 3 ordenadores conectados en rede e con conexión de banda ancha a Internet e unha impresora laser monocromo. Punto wi-fi na sala para uso con equipos portátiles.

- Neste edificio dispoñemos nas dependencias de Secretaría, Xefatura de Estudos e Dirección de 4 ordenadores conectados en rede e con conexión a Internet mediante unha liña ADSL .

